



biblioteca virtual  
de literatura universal en galego

<http://www.bivir.com>

# O CARTEIRO DE NERUDA

**Antonio Skármeta**

**Tradución ó galego: X. M. Rivas**

*Título orixinal: El cartero de Neruda*



Asociación de  
Tradutores Galegos

© Antonio Skármeta

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2008

© da tradución, X. M. Rivas, 2008

## Nota introdutoria

En *O carteiro de Neruda*, Mario Jiménez é un mozo mariñeiro que decide deixar o seu oficio para converterse en carteiro da Illa Negra, onde vive Pablo Neruda, a única persoa da zona que recibe correspondencia postal. Este simple feito dá pé ao autor para presentar unha trama orixinal e engaiolante, coa imaxe de fondo do Chile convulso da década dos setenta. Unha historia de amor e unha recreación poética dos últimos anos do Premio Nobel Pablo Neruda.

Para Galicia garda o interese especial de presentar a conversión dun pobo tradicionalmente mariñeiro nun pequeno centro turístico como aconteceu nos últimos anos en tantas vilas galegas.

Antonio Skármeta naceu en Antofagasta (Chile) en 1940. Estudiu Filosofía e Literatura no seu país e na Universidade de Columbia en Nova York. As súas novelas e libros de contos foron traducidos a máis de trinta idiomas e premiados cos máis distinguidos galardóns internacionais como o Prix Médicis en Francia, o Grinzane Cavour en Italia, o Boccaccio Internacional, o Elsa Morante ou o Planeta 2003.

A película baseada en *O carteiro de Neruda* obtivo cinco nominacións aos Oscar.

# O carteiro de Neruda

## PRÓLOGO

Daquela traballaba eu como redactor cultural dun xornal de pouca monta. A sección que levaba guiábase pola idea de arte que tiña o director que, presumindo das amizades que tiña no seu ambiente, obrigábame a perpetrar entrevistas con vedetes de compañías lixeiras, a facer recensións de libros escritos por ex detectives, notas de circos ambulantes ou gabanzas desmedidas ó *hit* da semana que podería esbozar calquera barballas.

Nas húmidas oficinas daquela redacción agoniaban cada noite as miñas ilusións de ser escritor. Quedaba ata o amencer encetando novas novelas que deixaba a medio facer desilusionado do meu talento e da miña preguiza. Outros escritores do meu tempo obtiñan éxito dabondo no país e incluso premios no estranxeiro: o de *Casa de las Américas*, o da *Biblioteca Breve Seix-Barral*, o de *Sudamericana e Primera Plana*. A envexa, máis ca un pulo para dar rematado algún día unha obra, era para min coma un xerro de auga fría.

Por aqueles días en que cronoloxicamente empeza esta historia –que, como os hipotéticos lectores advertirán, principia entusiasta e remata baixo o efecto dunha fonda depresión– o director advertiu que o meu paso pola bohemia perfeccionara perigosamente a miña palidez e decidiu encargarme un traballo na beira do mar, que me permitise unha semana de sol, vento mareiro, marisco, peixe fresco, e de paso, importantes contactos para o meu futuro. Tratábase de asaltar a paz costeira do poeta Pablo Neruda e mediante entrevistas con el acadar para os depravados lectores do noso pasquín algo así, palabras do meu director, «como a xeografía erótica do poeta». Falando claro, facerlle falar do xeito máis gráfico posible sobre as mulleres que trincara.

Hospedaxe en hostel da Illa Negra, gastos pagos a corpo de rei, coche alugado de Hertz, deixarme a súa portátil *Olivetti*, foron os satánicos argumentos con que o

director chegou a convencerme de que asumise esa innobre faena. A estas argumentacións, e con ese idealismo da xuventude, eu engadía outra acariñando un manuscrito interrompido na páxina 28: polas tardes ía escribir a crónica sobre Neruda e polas noites, oíndo o rumor do mar, traballaría na miña novela ata rematala. Aínda máis, propúxenme algo que terminou sendo obsesión e que me permitiu ademais sentir unha grande afinidade co meu heroe Mario Jiménez: conseguir que Pablo Neruda prologara o meu texto. Con este prezado trofeo petaría nas portas de Editorial Nascimento e acadaría *ipso facto* a publicación do meu libro dolorosamente postergado.

Para non facer este prólogo eterno e evitar falsas expectativas nos meus remotos lectores, conclúo aclarando agora mesmo algúns puntos. Primeiro, a novela que o lector ten na súa man non é a que quixen escribir na Illa Negra nin ningunha outra que puidese comezar daquela, senón un produto lateral do meu fracasado asalto xornalístico a Neruda. Segundo, a pesares de que varios escritores chilenos seguiron libando na copa do éxito (entre outras cousas por frases como estas, díxome un editor), eu permanecín – e permanezo– rigorosamente inédito. Mentres outros son mestres do relato lírico en primeira persoa, da novela dentro da novela, da metalinguaxe, da distorsión de tempos e espazos, eu seguín adscrito a metaforóns trasfegados no xornalismo, lugares comúns apañados nos criollistas, adxectivos rechamantes malentendidos en Borges, e sobre todo aferrado ó que un profesor de literatura designou con noxo: un narrador omnisciente . Terceiro e último, o saboroso reportaxe a Neruda que con toda seguridade o lector preferiría ter nas súas mans en vez da inminente novela que o acosa desde a próxima páxina e que pode que me sacase noutro título do meu anonimato, non foi viable debido ós principios do vate e non á miña falla de impertinencia. Cunha amabilidade que non merecía a ruindade dos meus propósitos, díxome que o seu grande amor era a súa actual muller, Matilde Urrutia, e que non sentía entusiasmo nin interese ningún por remexer nese «esmorecido pasado», e cunha ironía que si merecía a miña audacia de pedirlle un prólogo para un libro que aínda non existía, díxome botándome porta afora: «con moito gusto, cando o escriba».

Coa esperanza de facelo, quedei ben tempo na Illa Negra, e para apoiar a preguiza que me invadía tódalas noites, tardes e mañás fronte á páxina en branco, decidín espreitar a casa do poeta e de paso espreitar ós espreitadores. Así foi como coñecín ós personaxes desta novela.

Sei que máis dun lector inqueda andará pensando como un nugallán rematado coma min deu acabado este libro, por moi pequeno que sexa. Unha boa explicación é que tardei catorce anos en escribilo. De pensar que nese tempo, Vargas Llosa, por exemplo publicou *Conversación en la catedral*, *La tía Julia y el Escribidor*, *Pantaleón y las visitadoras* y *La guerra del fin del mundo*, francamente o meu récord non é para gabarse.

Pero tamén hai unha explicación complementaria de índole sentimental. Beatriz González, con quen xantei varias veces durante as súas visitas ós tribunais de Santiago de Chile, quixo que eu contase para ela a historia de Mario, «sen importar canto tardase nin canto inventase». Escusado así por ela, caín en ambos defectos.

En xuño de 1969 dous motivos tan afortunados como triviais levaron a Mario Jiménez a cambiar de oficio. Primeiro, a súa xenreira ós labores da pesca que o botaban da cama antes do amencer, e case sempre, cando soñaba con destemidos amores gozados con heroínas tan ardentes coma as que vía na pantalla do cine de sesión continua de San Antonio. Este talento, unido á súa consecvente simpatía polas catarreiras, reais ou finxidas, con que se escusaba, día si día non, de preparar os aparellos do bote de seu pai, permitíalle brincar baixo as nutridas mantas chilotas, perfeccionando os seus oníricos idilios, ata que o pescador José Jiménez volvía de alta mar, enchoupado e famento, e el mitigaba o seu complexo de culpa arranxándolle un almorzo de triscante pan, buliciosas ensaladas de tomate con cebola máis perexil e cilantro, e unha dramática aspirina que engulía cando o sarcasmo do seu proxenitor o penetraba ata os ósos.

–Busca traballo– era a concisa e feroz frase con que o home remataba unha mirada acusadora, que podía durar uns dez minutos, e que de calquera modo nunca quedou en menos de cinco.

–Si, papá– respondía Mario, limpando as ventas coa manga do xersei.

Se este motivo foi o trivial, o afortunado foi a posesión dunha alegre bicicleta marca *Legnano* que lle valía a Mario para trocar todos os días o minguado horizonte da ribeira de mariñeiros polo recortado porto de San Antonio, pero que, en comparación co seu lugar, o impresionaba como fastuoso e babilónico. A mera contemplación dos carteis do cine con mulleres de bocas turbulentas e durísimos tíos de habanos mastigados entre dentes impecables, metíao nun tronso do que so saía tras dúas horas de celuloide, para pedalear desconsolado de volta á súa rutina, ás veces baixo unha chuvia mareira que lle inspiraba catarreiras épicas. A xenerosidade de seu pai non chegaba a tanto como para fomentar a molicie, de modo que varios días da semana, carente de diñeiro, Mario Jiménez tiña que conformarse con incursións ás tendas de revistas usadas, onde axudaba a sobar as fotos das súas actrices predilectas.

Foi un daqueles días de desconsolado vagabundeo, cando descubriu un aviso na fiestra da oficina de correos que, a pesar de estar escrito a man e sobre unha modesta folla de caderno de matemáticas, materia na que non destacara durante a escola primaria, non puido resistir.

Mario Jiménez xamais usara gravata, pero antes de entrar arranxouse o colo da camisa coma se levase unha e tratou, con algún éxito, de abreviar con dous golpes de peite a súa melena herdada de fotos dos Beatles.

–Veño polo anuncio –declamou ao funcionario, cun sorriso que emulaba ao de Burt Lancaster.

–Ten bicicleta? –preguntou aburrido o funcionario.

O seu corazón e os seus beizos dixeron ao unísono. –Teño.

–Ben –dixo o oficinista, limpándose os lentes–, trátase dun posto de carteiro para Illa Negra.

–Que casualidade –dixo Mario–. Eu vivo a carón, na ribeira.

–Iso está moi ben. Pero o que está mal é que hai un só cliente.

–¿Un nada máis?

–Pois si. Na ribeira todos son analfabetos. Non poden ler nin as contas.

–¿E quen é o cliente?

–Pablo Neruda.

Mario Jiménez tragou o que lle pareceu un litro de saliva.

–Pero iso é formidable.

–¿Formidable? Recibe quilos de correspondencia diariamente. Pedalear coa bolsa ao lombo é igual que cargar un elefante sobre os ombreiros.

O carteiro que o atendía xubilouse máis chepudo ca un camelo.

–Pero eu teño só dezasete anos.

–¿E de saúde que tal?

–¿Eu? Son de ferro. ¡Nin un arrefrío na miña vida!

O funcionario deslizou os lentes sobre o tabique do nariz e mirouno por encima do marco.

–O soldo é unha merda. Os outros carteiros arranxábanse coas propinas. Pero cun cliente, apenas che alcanzará para o cine unha vez por semana.

–Quero o posto.

–Está ben. Chámome Cosme.

–Cosme.

–Débesme dicir «don Cosme».

–Si, don Cosme.

–Son o teu xefe.

–Si, xefe.

O home levantou un bolígrafo azul, soproulle o seu alento para entibiar a tinta, e preguntou sen miralo:

–¿Nome?

–Mario Jiménez –respondeu Mario Jiménez solemnemente.

E en canto terminou de emitir ese vital comunicado, foi ata a fiestra, desprende o aviso, e fíxoo recalar no máis profundo do peto traseiro do seu pantalón.

O que non logrou o océano Pacífico coa súa paciencia parecida á eternidade, logrouno a concisa e doce oficina de correos de San Antonio: Mario Jiménez non só se levantaba ao alba, asubiando e co seu nariz fluído e atlético, senón que acometeu con tal puntualidade o seu oficio, que o vello funcionario Cosme lle confiou a chave do local, no caso de que algunha vez se decidise a levar a cabo unha fazaña desde antigo soñada: durmir ata tan tarde na mañá que xa fose hora da sesta e durmir unha sesta tan longa que xa fose hora de deitarse, e ao deitarse durmir tan ben e profundo, que ao día seguinte sentise por primeira vez esas ganas de traballar que Mario irradiaba e que Cosme ignoraba meticulosamente.

Co primeiro soldo, pagado como é usual en Chile cun mes e medio de atraso, o carteiro Mario Jiménez adquiriu os seguintes bens: unha botella de viño *Cousiño Macul Antiguas Reservas*, para seu pai; unha entrada de cine grazas á cal saboreou *West Side Story* con Natalie Wood incluída; un peite de aceiro alemán no mercado de San Antonio, a un pegoiro que os ofrecía co refrán: «Alemaña perdeu a guerra, pero non a industria. Peites inoxidables marca Solingen»; e a edición de Losada das *Odas elementales* do seu cliente e veciño, Pablo Neruda.

Propúñase, nalgún momento en que o vate lle parecese de bo humor, asestarlle o libro xunto coa correspondencia e axenciarse un autógrafo, co cal alardear ante hipotéticas pero fermosísimas mulleres que algún día coñecería en San Antonio, ou en Santiago, onde iría parar co seu segundo soldo. Varias veces estivo a piques de cumprir o seu proxecto, pero o inhibiu tanto a preguiza con que o poeta recibía a súa correspondencia, a celeridade con que lle cedía a propina (en ocasións máis que regular), como a súa expresión de home virado abismalmente cara ao interior. A fin de contas, durante un par de meses, Mario non puido evitar sentir que cada vez que tocaba o timbre asasinaba a inspiración do poeta, que estaría a piques de parir un verso xenial. Neruda tomaba o paquete de correspondencia, pasáballe un par de escudos, e despedíase cun sorriso tan lento como a súa mirada. A partir dese momento, e ata o final do día, o carteiro cargaba coas *Odas elementales* coa esperanza de reunir algún día coraxe. Tanto o levou, tanto o sobou, tanto o puxo no regazo dos seus pantalóns baixo o farol da praza, para darse aires de intelectual ante as raparigas que o ignoraban, que terminou por ler o libro. Con este antecedente no seu currículo, considerouse merecedor dunha migalla da atención do vate, e unha mañá de sol invernal, filtroulle o libro xunto coas

cartas, cunha frase que ensaiara fronte a múltiples vitrinas:

–Póñame a rúbrica, mestre.

Compracelo foi para o poeta un trámite de rutina, pero unha vez cumprido con ese breve deber, despediuse coa cortante cortesía que o caracterizaba. Mario comezou por analizar o autógrafo e chegou á conclusión de que cun «Cordialmente, Pablo Neruda» o seu anonimato non perdía gran cousa. Propúxose trabar algún tipo de relación co poeta, que lle permitise algún día ser adobiado cunha dedicatoria en que polo menos constase coa mera tinta verde do vate o seu nome e apelido: Mario Jiménez S. Aínda que lle parecería inmejorable un texto do tenor de «Ao meu entrañable amigo Mario Jiménez, Pablo Neruda». Expúxolle os seus anhelos a Cosme o telegrafista, quen, tras recordarlle que Correos de Chile prohibía aos seus carteiros amolar con requisitorias atípicas á súa clientela, fíxolle saber que un mesmo libro non podía ser dedicado dúas veces. É dicir, que en ningún caso sería nobre proporlle ao poeta –por comunista que fose– que riscase as súas palabras para substituílas por outras.

Mario Jiménez tivo por atinada a observación, e cando recibiu o segundo soldo nun sobre fiscal, adquiriu, cun xesto que lle pareceu consecuente, *Nuevas odas elementales*, Ediciones Losada. Algunha mágoa levouno ao renunciar á súa soñada excursión a Santiago, e logo o temor, cando o astuto libreiro lle dixo: «E para o próximo mes téñolle *El tercer libro de las Odas*».

Pero ningún dos dous libros chegou a ter o autógrafo do poeta. Outra mañá con sol de inverno, moi parecida a outra que aínda ninguén describiu polo miúdo, relegou a dedicatoria ao esquecemento. Mais non así a poesía.

Crecido entre pescadores, nunca sospeitou o mozo Mario Jiménez que no correo daquel día habería un anzol co que atraparía o poeta. Non ben lle entregara a correspondencia, o poeta descubriu con precisión meridiana unha carta que se puxo a abrir diante dos seus propios ollos. Esta conduta inédita, incompatible coa serenidade e discreción do vate, alentou no carteiro o inicio dun interrogatorio, e por que non dicilo, dunha amizade.

–¿Por que abre esa carta antes das outras?

–Porque é de Suecia.

–¿E que ten de especial Suecia, ademais das suecas?

Aínda que Pablo Neruda posuía un par de pálpebras incommovibles, pestanexou.

–O Premio Nobel de Literatura, filliño.

–Vanllo dar.

–Se mo dan, non o vou rexeitar.

–¿E canta prata é?

O poeta, que xa chegara ao miolo da misiva, dixo sen énfase:

–Cento cincuenta mil douscentos cincuenta dólares.

Mario pensou a seguinte broma: «E cincuenta centavos», mais o seu instinto reprimiu a súa contumaz impertinencia, e pola contra preguntou da maneira máis puída:

–¿E?

–¿Hmm?

–¿Danlle o Premio Nobel?

–Pode ser, pero este ano hai candidatos con máis *chance*.

–¿Por que?

–Porque escribiron grandes obras.

–¿E as outras cartas?

–Lereinas despois –suspirou o vate.

–¡Ah!

Mario, que presentía o fin do diálogo, deixouse consumir por unha ausencia semellante á do seu predilecto e único cliente, pero tan radical, que obrigou ao poeta a preguntarlle:

–¿En que quedaches pensando?

–No que dirán as outras cartas. ¿Serán de amor?

O robusto vate tusiu.

–¡Home, eu estou casado!; Que non che oia Matilde!

–Perdón, don Pablo.

Neruda foi dereito ao seu peto e extraeu un billete do calibre «máis que regular». O carteiro dixo «grazas», non tan apesado pola suma como pola inminente despedida. Esa mesma tristeza pareceu inmovilizalo nun grao alarmante. O poeta, que se dispuña a entrar, non puido menos de interesarse por unha inercia tan pronunciada.

–¿Que che pasa, ho?

–¿Don Pablo?

–Quedas aí parado como un poste.

Mario torceu o pescozo e buscou os ollos do poeta desde abaixo:

–¿Cravado como unha lanza?

–Non, quieto como torre de xadrez.

–¿Máis tranquilo ca gato de porcelana?

Neruda soltou o picaporte do portón, e acariñou o queixo.

–Mario Jiménez, ademais de *Odas elementales* teño libros moito mellores. É indigno que me sometas a todo tipo de comparacións e metáforas.

–¿Don Pablo?

–¡Metáforas, home!

–¿Que cousas son esas?

O poeta puxo unha man sobre o ombreiro do rapaz.

–Para aclararcho máis ou menos imprecisamente, son modos de dicir unha cousa comparándoa con outra.

–Déame un exemplo.

Neruda mirou o seu reloxo e suspirou.

–Ben, cando ti dis que o ceo está chorando. ¿Que é o que queres dicir?

–¡Que fácil! Pois que está a chover.

–Ben, iso é unha metáfora.

–¿E por que, se é unha cousa tan fácil, se chama tan complicado?

–Porque os nomes non teñen nada que ver coa simplicidade ou complicidade das cousas. Segundo a túa teoría, unha cousa pequecha que voa non debería ter un nome tan longo como *bolboreta*. Pensa que *elefante* ten unha letra menos que *bolboreta* e é moito máis grande e non voa –concluíu Neruda exhausto. Cun resto de ánimo, indicoulle a Mario o rumbo cara á ribeira. Pero o carteiro tivo a prestancia de dicir:

–¡Como me gustaría ser poeta!

–¡Home! En Chile todos son poetas. É máis orixinal que sigas sendo carteiro. Polo menos camiñas moito e non engordas. En Chile tódolos poetas temos moito bandullo. Neruda retomou o picaporte da porta, e dispúñase a entrar, cando Mario, mirando o voo dun paxaro invisible, dixo:

–É que se fose poeta podería dicir o que quero.

–¿E que é o que queres dicir?

–Pois ese é xustamente o problema. Que como non son poeta, non podo dicilo.

O vate apertou as cellas sobre o tabique do nariz.

–Mario?

–Don Pablo?

–Vou despedirme e pechar a porta.

–Si, don Pablo.

–Deica mañá.

–Deica mañá.

Neruda detivo a mirada sobre o resto das cartas, e logo entreabriu o portón. O carteiro estudaba as nubes cos brazos cruzados sobre o peito. Achegouse a el e peteiroulle cun dedo no ombro. Sen desfacer a súa postura, o raparigo quedou a fitalo.

–Volvín abrir, porque sospeitaba que seguías aquí.

–É que quedei pensando.

Neruda colleu polo brazo o carteiro, e foino conducindo con firmeza cara ao farol onde estacionara a bicicleta.

–E para pensar quedas sentado? Se queres ser poeta, comeza por pensar camiñando. Ou es como John Wayne, que non podía camiñar e mascar chicles ao mesmo tempo? Agora vaste á ribeira pola praia e, mentres observas o movemento do mar, podes ir inventando metáforas.

–Déame un exemplo!

–Mira este poema: «Aquí na Illa, o mar, e canto mar. Sáese de si mesmo a cada intre. Di que si, que non, que non. Di que si, en azul, en espuma, en galope. Di que non, que non. Non pode estarse quedo. Chámome mar, repite pegando nunha pedra sen lograr convencela. Entón con sete linguas verdes, de sete tigres verdes, de sete cans verdes, de sete mares verdes, percórrea, bícaa, humedécea, e golpea o peito repetindo o seu nome».

–Fixo unha pausa satisfeito—. Que te parece?

- Raro.
- «Raro». Que crítico máis severo que es!
- Non, don Pablo. Raro non é o poema. Raro é como *eu* me sentía cando vostede recitaba o poema.
- Querido Mario, a ver se te aclaras un pouco, porque non podo pasar toda a mañá gozando da túa charla.
- Como llo explicaría? Cando vostede dicía o poema, as palabras ían d’acá p’alá.
- Como o mar, pois!
- Pois si, movíanse igual có mar.
- Iso é o ritmo.
- E sentínme raro, porque con tanto movemento mareeime.
- Mareácheste.
- Claro! Eu ía como un barco tremendo nas súas palabras.
- As pálpebras do poeta despegáronse lentamente.
- «Como un barco a tremer nas miñas palabras.»
- Claro!
- Sabes o que fixeches, Mario?
- Que?
- Unha metáfora.
- Pero non vale, porque me saíu de pura casualidade, sen máis.
- Non hai imaxe que non sexa casual, fillo.
- Mario levou a man ao corazón, e quixo controlar un palpitar desaforado que lle subiu ata a lingua e que pugnaba por estalar entre os seus dentes. Detivo a marcha, e cun dedo impertinente manipulado a centímetros do nariz do seu emérito cliente, dixo:
- Vostede cre que todo o mundo, quero dicir todo o mundo, co vento, os mares, as árbores, as montañas, o lume, os animais, as casas, os desertos, as choivas...
- ... agora xa podes dicir «etcétera».
- ... ¡os etcéteras! Vostede cre que o mundo enteiro é a metáfora de algo?
- Neruda abriu a boca, e o seu robusto queixo pareceu desprendérselle do rostro.
- É unha parida o que lle preguntei, don Pablo?
- Non, home, non.
- É que se lle puxo unha cara tan rara.
- Non, o que sucede é que quedei pensando.

Espantou dunha labazada un fume imaxinario, tirou para arriba dos frouxos pantalóns e, espetando o índice no peito do mozo, dixo:

–Mira, Mario. Imos facer un trato. Eu agora voume á cociña, preparo unha tortilla de aspirinas para meditar a túa pregunta, e mañá douche a miña opinión.

–En serio, don Pablo?

–Si, home, si. Deica mañá.

Volveu á súa casa e, unha vez xunto ao portón, recostouse na súa madeira e cruzou pacientemente os brazos.

–Non vai entrar? –gritoulle Mario.

–Ah, non. Esta vez espero a que marches.

O carteiro apartou a bicicleta da farola, fixo soar xubiloso a súa campáña, e, cun sorriso tan amplo que abarcaba poeta e contorno, dixo:

–Deica logo, don Pablo.

–Deica logo, raparigo.

O carteiro Mario Jiménez tomou literalmente as palabras do poeta, e fixo a ruta ata a ribeira escrutando os vaivéns do océano. Aínda que as ondas eran moitas, o mediodía inmaculado, a area mol e a brisa leve, non agromou ningunha metáfora. Todo o que no mar era elocuencia, nel foi mudez. Unha afonía tan enérxica, que ata as pedras lle pareceron laretas en comparación.

Amolado coa natureza esquiva, animouse a se achegar deica o hostel para se consolar cunha botella de viño e, se atopaba algún ocioso roldando polo bar desafiado a unha partida de fútbolín. Dada a falta de pavillón no pobo, os mozos pescadores satisfacían as súas inquietudes deportivas co lombo curvo sobre as mesas de fútbolín. De lonxe alcanzouno o estrondo dos golpes metálicos xunto coa música do Wurlitzer, que rabuñaba unha vez máis os sucos de *Mucho amor* polos Ramblers, que perdera a popularidade na capital había unha década, pero que no pequeno pobo seguía de actualidade. Adiviñando que á depresión se lle engadiría o tedio da rutina, entrou no local disposto a converter en viño a propina do poeta, cando o invadiu unha embriaguez máis intensa que a que ningún mosto lle provocara na súa breve vida: xogando cos oxidados bonecos azuis, atopábase a rapariga máis fermosa que recordase ver, incluídas actrices, acomodadoras de cine, perruqueiras, colexialas, turistas e vendedoras de discos. Aínda que a súa ansiedade polas mozas equivalía case á súa timidez –situación que o recocía en frustracións– esta vez avanzou ata a mesa de fútbolín coa ousadía da inconsciencia. Detívose detrás do porteiro vermello, disimulou con perfecta ineptitude a súa fascinación acompañando con ollos danzaríns os vaivéns da pelota, e, cando a moza fixo tronar o metal da portería cun gol, levantou a vista cara a ela co sorriso máis sedutor que puido improvisar. Ela respondeu a tal cordialidade cun xesto solicitándolle que se fixese cargo da dianteira do equipo rival. Mario case non advertira que a rapariga xogaba contra unha amiga, e só se deu conta cando a golpeou coa cadeira desprazándoa cara á defensa. Poucas veces na súa vida notara que tiña un corazón tan violento. O sangue bombeáballe con tal vigor, que pasou a man polo peito tratando de tranquilizalo. Entón ela golpeou o branco balón no canto da mesa, fixo o xesto de levalo ata o outrora círculo central, descolorido polas décadas, e, cando Mario se dispuxo a manobrar as súas barras para impresionala coa destreza dos seus pulsos, a rapariga levantou a pelota e púxoala entre medio duns dentes que brillaron nese humilde patio, suxeríndolle unha choiva de prata. Enseguida adiantou o seu torso axustado nunha blusa dous números máis pequena do que esixían os seus persuasivos seos, e invitouno a que collese o balón

da súa boca. Indeciso entre a humillación e a hipnose, o carteiro alzou vacilante a man dereita, e, cando os seus dedos estiveron a piques de tocar o balón, a moza apartouse e o sorriso irónico deixou o seu brazo suspendido no aire, como nun ridículo brindado para festexar sen vaso e sen champagne un amor que xamais se concretaría. Logo balanceou o seu corpo camiño do bar, e as súas pernas pareceron ir bailando ao compás dunha música máis sinuosa que a ofrecida polos Ramblers. Mario non tivo necesidade dun espello para adiviñar que o seu rostro estaría vermello e húmido. A outra rapaza situouse no posto abandonado e, cun severo golpe do balón sobre o marco, quixo espertalo do seu transo. Queimado, o carteiro alzou a vista desde a pelota ata os ollos do seu novo rival, e, aínda que se definira fronte ao océano Pacífico como inepto para comparacións e metáforas, díxose con rabia que o xogo proposto por esa pálida paduana sería a) máis desaborido que bailar coa irmá, b) máis aburrido que domingo sen fútbol e c) tan entretido como carreira de caracois.

Sen dedicarlle nin medio chisco de despedida, seguiu o rumbo da súa adorada cara a barra do bar, derrubouse sobre unha cadeira como nunha butaca do cine, e durante longos minutos contemplouna extasiado, mentres a moza botaba o seu alento nas rústicas copas e logo luíaas cun pano bordado de flores copihues, ata deixalas impecables.

O telegrafista Cosme tiña dous principios. O socialismo, a favor do cal arengaba aos seus subordinados, de modo superfluo polo demais, porque todos eran convencidos ou activistas, e o uso da gorra de correos dentro da oficina. Podía tolerar a Mario esa enmarañada melena que superaba con raíces proletarias o corte dos Beatles, os blue-jeans infectados por manchas de aceite da cadea da bicicleta, a chaqueta descolorida de xornaleiro, o seu hábito de investigar no seu nariz co maimiño; pero o sangue fervíalle cando o vía chegar sen a viseira. De modo que cando o carteiro entrou macilento cara á mesa clasificadora da correspondencia dicíndolle un exangue «bos días», freouno cun dedo no pescozo, conduciuno ata a percha onde colgaba o chapeu, calzoullo ata as cellas, e só entón incitouno a que repetise o saúdo.

–Bos días, xefe.

–Bos días –ruxiu.

–Hai cartas para o poeta?

–Moitas. E tamén un telegrama.

–Un telegrama?

O raparigo ergueuno en alto, intentou discernir a contraluz o seu contido, e nun santiamén estivo na rúa montado na bicicleta. Xa ía pedaleando, cando Cosme lle gritou desde a porta co resto do correo na man.

–Quédanche as outras cartas.

–Levareinas despois –dixo afastándose.

–Es un parvo –gritou don Cosme–. Terás que facer dúas viaxes.

–Non son ningún parvo, xefe. Verei o poeta dúas veces.

No portón de Neruda, colgouse da soga que accionaba a campaña máis aló de toda discreción. Tres minutos desas doses non produciron a presenza do poeta. Puxo a bicicleta contra o poste da luz, e, cun resto de forzas, correu cara aos rochedos da praia, onde descubriu a Neruda de xeonllos cavando na area.

–Tiven sorte –gritou mentres saltaba sobre as rocas achegándose–.Telegrama!

–Tiveches que madrugar, raparigo.

Mario chegou ao seu lado, e dedicoulle ao poeta dez segundos alasando antes de recuperar o fala.

–Non me importa. Tiven moita sorte, porque necesito falar con vostede.

–Debe ser moi importante. Bufas como un cabalo.

Mario limpouse a suor da fronte dun lapote, secou o telegrama nas súas coxas, e púxollo na man do poeta.

–Don Pablo –declarou solemne–. Estou namorado.

O vate fixo do telegrama un abanico, que procedeu a sacudir ante a súa barbadela.

–Ben –repuxo– non é tan grave. Iso ten remedio.

–Remedio? Don Pablo, se iso ten remedio, eu só quero estar enfermo. Estou namorado, perdidamente namorado.

A voz do poeta, tradicionalmente lenta, pareceu deixar caer esta vez dúas pedras, no canto de palabras.

–Contra quen?

–Don Pablo?

–De quen, home?

–Chámase Beatriz.

–Dante, diantres!

–Don Pablo?

–Houbo unha vez un poeta que se namorou dunha tal Beatriz. As Beatrices producen amores desmedidos.

O carteiro esgrimiu o seu bolígrafo Bic, e riscou con el a palma da súa esquerda.

–Que fas?

–Escribo o nome do poeta ese. Dante.

–Dante Alighieri.

–Con «h».

–Non, home, con «a».

–«A» como «azucena»?

–Como «azucena» e «apio».

–Don Pablo?

O poeta extraeu o seu bolígrafo verde, puxo a palma do mozo sobre a rocha, e escribiu con letras pomposas. Cando se dispuña a abrir o telegrama, Mario golpeouse a ilustre palma sobre a fronte, e suspirou:

–Don Pablo, estou namorado.

–Iso xa o dixeches. E eu en que podo servirte?

–Ten que axudarme.

–Aos meus anos!

–Ten que axudarme, porque non sei que lle dicir. Véxoa diante de min e quedo coma se fose mudo. Non me sae unha soa palabra.

–Como! Non falaches con ela?

–Case nada. Onte fun paseando pola praia como vostede me dixo. Contemplei o mar moito tempo, e non se me ocorreu ningunha metáfora. Entón, entrei na tasca e comprei unha botella de viño. Ben, foi ela quen me vendeu a botella.

–Beatriz.

–Beatriz. Quedeina mirando, e namoreime dela.

Neruda rascou a súa plácida calvicie co dorso do lapis.

–Tan rápido.

–Non, tan rápido non. Quedei a mirala como dez minutos.

–E ela?

–E ela díxome: «Que miras, seica teño monos na cara?».

–E ti?

–A min non se me ocorreu nada.

–Nada de nada? Non lle dixeches nin unha palabra?

–Tanto como nada de nada, non. Díxenlle cinco palabras.

–Cales?

–Como te chamas?

–E ela?

–Ela díxome «Beatriz González».

–Preguntácheslle «como te chamas». Ben, xa van tres palabras. Cales foron as outras dúas?

–«Beatriz González.»

–Beatriz González.

–Ela díxome «Beatriz González» e entón eu repetín «Beatriz González».

–Fillo, trouxéchesme un telegrama urxente e se seguimos conversando sobre Beatriz González, a noticia váiseme murchar nas mans.

–Está ben, ábrao.

–Ti como carteiro, deberías saber que a correspondencia é privada.

–Eu xamais lle abrín carta ningunha.

–Non digo iso. O que quero dicir é que un ten dereito a ler as súas cartas tranquilo, sen espías nin testemuñas.

–Comprendo, don Pablo.

–Alégrome.

Mario sentiu que o desacougo que o invadía era máis violento có seu suor. Con voz calada, rosmou:

–Ata logo, poeta.

–Ata logo, Mario.

O vate alcanzoulle un billete da categoría «moi ben» coa esperanza de pechar coas artes da xenerosidade o episodio. Pero Mario contemplouno agónico, e, devolvéndollo, dixo:

–Se non fose moita a molestia, gustaríame que no canto de darme diñeiro me escribise un poema para ela.

Facía anos que Neruda non corría, pero agora sentiu a compulsión de ausentarse desa pasaxe, xunto a aquelas aves migratorias que con tanta dozura cantara Bécquer. Coa velocidade que lle permitiron os seus anos e o seu corpo, afastouse cara á praia alzando os brazos ao ceo.

–Pero se nin sequera a coñezo. Un poeta necesita coñecer a unha persoa para inspirarse. Non pode chegar e inventar algo da nada.

–Mire, poeta–perseguiuno o carteiro–. Se se fai tantos problemas por un simple poema, xamais gañará o Premio Nobel.

Neruda detívose sufocado.

–Mira, Mario, rógoche que me belisque para espertarme deste pesadelo.

–Entón, que lle digo, don Pablo? Vostede é a única persoa do lugar que pode axudarme. Todos os demais son pescadores que non saben dicir nada.

–Pero eses pescadores tamén se namoraron, e lograron dicirlles algo ás raparigas que lles gustaban.

–Cabezas de peixe!

–Pero as namoraron e casaron con elas. Que fai o teu pai?

–Vai ao mar, hom!

–Aí tes! Algunha vez debeu falar con túa nai, para convencela de que casase con el.

–Don Pablo: a comparación non val, porque Beatriz é moito máis linda ca miña nai.

–Querido Mario, non resisto a curiosidade de ler o telegrama. Permites?

–Con moito gusto.

–Grazas.

Neruda quixo abrir o sobre coa mensaxe, pero ao facelo rachouno un pouco. Elevándose sobre a punta dos pés, Mario intentou espiar o contido sobre o seu ombro.

–Non é de Suecia, non?

–Non.

–Vostede cre que lle darán o Premio Nobel este ano?

–Xa deixei de preocuparme por iso. Paréceme irritante ver aparecer o meu nome nas competencias anuais, coma se eu fose un cabalo de carreiras.

–De quen é o telegrama entón?

–Do Comité Central do Partido.

O poeta fixo unha pausa trágica.

–Raparigo, non será hoxe por casualidade martes e trece?

–Malas noticias?

–Pésimas! Ofrécenme ser candidato á Presidencia da República!

–Don Pablo, pero iso é formidable!

–Formidable que che nomeen. Pero e se chego a ser elixido?

–Claro que vai ser elixido. A vostede coñeceo todo o mundo. Na casa de meu pai hai un só libro e é seu.

–E iso que proba?

–Como que que proba? Se meu papá que non sabe ler nin escribir, ten un libro seu, iso significa que gañaremos.

–«Gañaremos»?

–Claro, eu vou votar por vostede de todas as maneiras.

–Agradezo o teu apoio.

Neruda dobrou os restos mortais do telegrama e sepultounos no peto traseiro do seu pantalón. O carteiro estábao mirando cunha expresión húmida nos ollos que ao vate lle recordou un cadelucho baixo a poalla de Parral.

Sen inmutarse, coma se nada, dixo:

–Agora imos á tasca coñecer a esa famosa Beatriz González.

–Don Pablo, está de broma.

–Falo en serio. Imos deica o bar, probamos un viño, e botámoslle unha ollada á noiva.

–Vai morrer da impresión se nos ve xuntos. Pablo Neruda e Mario Jiménez tomando viño xuntos na tasca! Pode morrer!

–Iso sería moi triste. No canto de escribirlle un poema habería que confeccionarlle un epitafio. O vate botou a andar enerxicamente, pero ao ver que Mario se quedaba atrás embobado no horizonte, deu volta e díxolle:

–E agora que pasa?

Correndo, o carteiro estivo pronto ao seu lado e miroulle aos ollos:

–Don Pablo, se me caso con Beatriz González, vostede aceptaría ser o padriño da voda? Neruda acariñouse o queixo perfectamente rasurado, finxiu cavilar a resposta, e logo levou un dedo apodíctico á fronte.

–Despois que nos tomemos o viño na tasca, imos decidir sobre as dúas cuestións.

–Cales dous?

–A Presidencia da República e Beatriz González.

Cando o pescador viu entrar no hostel a Pablo Neruda acompañado dun mozo anónimo, que máis que cargar cunha bolsa de coiro parecía estar aferrado a ela, ante a parcialmente distinguida concorrencia, decidiu alertar á nova camareira.

–Buscan!

Os recentemente chegados ocuparon dúas cadeiras fronte a barra, e viron que atravesaba unha rapariga duns dezasete anos cun pelo castaño encaracolado e revolto pola brisa, uns ollos marróns tristes e seguros, rotundos como abruños, un pescozo que se deslizaba cara a uns seos maliciosamente oprimidos por esa camiseta branca con dous números menos dos precisos, dúas mamilas, aínda que cubertas, alborotadoras, e unha cintura desas que se collen para bailar tango ata que a madrugada e o viño se esgotan. Houbo un breve lapso, o necesario para que a mociña deixase a barra e ingresase na tarima da sala, antes de que fixese a súa epifanía aquela parte do corpo que sustiña os atributos. A saber, o sector básico da cintura que se abría nun par de ancas mareantes, sazoadas por unha minisaia que era unha chamada de atención sobre as pernas e que, tras deslizarse sobre os xeonllos cobreados, concluían como unha lenta danza nun par de pés descalzos, agrestes e circulares, pois desde alí a pel reclamaba o retorno minucioso por cada segmento ata alcanzar eses ollos cafés, que soberan pasar da melancolía á malicia en canto estiveron sobre a mesa dos hóspedes.

–O rei do fútbolín –dixo Beatriz González, apoiando o seu mainiño sobre o hule da mesa–. Que se vai servir?

Mario mantivo a súa mirada nos ollos dela e durante medio minuto intentou que o seu cerebro o dotase das informacións mínimas para sobrevivir o trauma que o oprimía: quen son, onde estou, como se respira, como se fala.

Aínda que a moza repetiu «Que se vai servir» tamborilando con todo o elenco dos seus fráxiles dedos sobre a mesa, Mario Jiménez só atinou a perfeccionar o seu silencio. Entón, Beatriz González dirixiu a imperativa mirada sobre o seu acompañante, e emitiu cunha voz modulada por esa lingua que fulguraba entre os abundantes dentes, unha pregunta que noutras circunstancias Neruda consideraría como rutineira:

–E vostede que vai tomar?

–O mesmo ca el –respondeu o vate.

Dous días máis tarde, un afanoso camión cuberto por carteis coa imaxe do vate que rezaban «Neruda, presidente» chegou a secuestralo do seu refuxio. O poeta resumiu a impresión no seu diario: «A vida política veo como un trebón a sacarme dos meus traballos. A multitude humana foi para min a lección da miña vida. Podo chegar a ela coa inherente timidez do poeta, co temor do tímido, pero, unha vez no seu seo, síntome transfigurado. Son parte da esencial maioría, son unha folla máis da grande árbore humana». Unha murcha folla desa árbore acudiu a despedilo: o carteiro Mario Jiménez. Non tivo consolo nin cando o poeta, tras abrazalo, con certa pompa agasallouno coa edición Losada en papel biblia e dous volumes encadernados en coiro vermello das súas *Obras Completas*. Non o abandonou o destempero nin ao ler a dedicatoria que outrora superaría o seu anhelo: «Ao meu entrañable amigo e compañeiro Mario Jiménez, Pablo Neruda». Viu partir o camión polo carreiro de terra, e desexou que ese po que levantara o cubriese definitivamente como a un robusto cadáver.

Por lealdade ao poeta, xurou non quitarse a vida, sen antes ler cada unha das tres mil páxinas. As primeiras cincuenta despachounas ao pé do campanario, mentres o mar, que tantas fulgurantes imaxes inspirara ao poeta, o distraía cal un monótono apuntador que repetise o refrán: «Beatriz González, Beatriz González».

Andou dous días a roldar polo mesón cos tres volumes amarrados ó portavultos da bicicleta, e un caderno marca Torre que adquiriu en San Antonio, onde se propuxo anotar as eventuais imaxes que o seu trato coa torrencial lírica do mestre lle axudase a concibir. Nese lapso, os pescadores vírono afanarse co lapis, esmorecente ante as fauces do océano, sen saber que o raparigo enchía as follas con deslavados círculos e triángulos, cuxo nulo contido era unha radiografía da súa imaxinación. Bastaron esas poucas horas para que correse a voz na ribeira de que, ausente Pablo Neruda de Illa Negra, o carteiro Mario Jiménez se empeñaba en herdar o seu cetro. Profesionalmente ocupado do seu minucioso desconsolo, non se decatou dos chismes e pullas, ata que unha tarde en que remoía as páxinas finais de «Estravagario» sentado no espigón, onde os pescadores ofrecían os seus mariscos, chegou unha camioneta con altofalantes que proclamaba entre chirríos a consigna: «Paremos o marxismo co candidato de Chile: Jorge Alessandri», matizada por outra non tan enxeñosa, pero polo menos certa: « Un home con experiencia no goberno: Jorge Alessandri Rodríguez». Do algareiro vehículo descendieron dous homes vestidos de branco, e achegáronse ao grupo con sorrisos

pletóricos, escasos nas inmediacións onde la carencia de dentes non favorecía eses malgastes. Un deles era o deputado Labbé, representante da dereita na zona, quen prometera na última campaña estender o servizo eléctrico ata a ribeira, e que lentamente se ía achegando a cumprir o seu xuramento como constaba coa inauguración dun desconcertante semáforo –aínda que con as tres cores regulamentarias– no cruce de terra por onde transitaba o camión que recollía peixes, a bicicleta Lagnano de Mario Jiménez, burros, cans e apampadas galiñas.

–Aquí estamos, traballando por Alessandri –dixo, mentres repartía propaganda ao grupo. Os pescadores tomárona coa cortesía que dan os anos de esquerda e analfabetismo, miraron a foto do ancián ex mandatario, cuxa expresión cadraba coas súas prácticas e prédicas austeras, e meteron a folla nos petos das súas camisas. Só Mario lla deu de volta.

–Eu vou votar por Neruda –dixo.

O deputado Labbé estendeu o sorriso dedicado a Mario ao grupo de pescadores. Todos quedaban engaiolados pola simpatía de Labbé. Alessandri mesmo quizá o sabía, e por iso enviábo a facerlle campaña entre pescadores eruditos en anzois para pescar, e en evitalos para non ser cazados.

–Neruda –repetiu Labbé, dando a impresión de que as sílabas do nome do vate percorresen cada un dos seus dentes–. Neruda é un gran poeta. Quizá o máis grande de todos os poetas. Pero, señores, francamente non o vexo como presidente de Chile. Acosou co panfleto a Mario, dicíndolle:

–Leo, home. Se cadra te convences.

O carteiro gardou o papel dobrado no peto, mentres o deputado se anicaba a remexer nas ameixas dunha patela.

–A canto tes a ducia?

–A cento cincuenta, para vostede!

–Cento cincuenta! Por ese prezo, tesme que garantir que cada ameixa trae unha perla!

Os pescadores riron, contaxiados pola naturalidade de Labbé; esa chispa que teñen algúns ricos chilenos que crean un ambiente grato, alí onde se paran. O deputado ergueuse, afastouse un par de pasos de Mario, e, levando agora a simpatía do seu áulico sorriso case ata a benaventuranza, díxolle en voz o bastante alta como para que ninguén quedase sen escoitar:

–Oín que che deu pola poesía. Din que lle fas a competencia a Pablo Neruda.

As gargalladas dos pescadores explotaron tan rápidas como o rubor na súa pel: sentiuse entupido, enmudecido, asfixiado, turbado, atrofiado, basto, groseiro, encarnado, escarlata, carmesí, vermello, vermellón, púrpura, húmido, abatido, aglutinado, final. Esta vez acudiron palabras á súa mente, pero foron: «Quero morrer». Mais entón, o deputado cun xesto principesco ordenoulle ao seu asistente que extraese algo do maletín de coiro. O que saíu a brillar baixo o sol da ribeira foi un álbum forrado en coiro azul con dúas letras douradas, cuxa nobre textura case facía palidecer o bo coiro da edición Losada do vate.

Un fondo agarimo alcanzou ata os ollos de Labbé ao pasarlle o álbum e dicirlle:

–Toma, rapaz. Para que escribas os teus poemas.

Lento e deliciosamente, o rubor foise borrando da súa pel coma se unha fresca onda chegase a salvalo, e a brisa o secase, e a vida fose, senón bela, polo menos tolerable. O seu primeiro respiro foi fundamente suspirado, e cun sorriso proletario, pero non menos simpático que o de Labbé, dixo mentres os seus dedos se deslizaban pola pulida superficie de coiro azul:

–Grazas, señor Labbé.

Eran así de satinadas as follas do álbum, tan inmaculada a súa brancura, que Mario Jiménez atopou un feliz pretexto para non escribir os seus versos nelas. En que tivese ben escaravellado e riscado o caderno Torre de probas, tomaría a iniciativa de desinfectarse as mans con xabón Flores de Pravia, e expurgaría as súas metáforas para transcribir só as mellores, cun bolígrafo verde como os que esgotaba o vate. A súa infertilidade medrou nas semanas seguintes en proporción contraditoria coa súa fama de poeta. Tanto se divulgou o seu coqueteo coas musas, que a voz chegou ata o telegrafista, quen o cominou a ler algúns de seus versos nun acto político-cultural do Partido Socialista de San Antonio. O carteiro accedeu a recitar a *Oda al viento* de Neruda, acontecemento que lle valeu unha pequena ovación, e a requisitoria de que en novas reunións distraese a militantes e simpatizantes coa «Oda al caldillo de congrio». Moi *ad hoc*, o telegrafista propúxose organizar a nova velada entre os pescadores do porto.

Nin as súas aparicións en público, nin a preguiza que alentou o feito de non ter cliente a quen distribuírle a correspondencia, mitigaron o anhelo de abordar a Beatriz González, que perfeccionaba día a día a súa beleza ignorante do efecto que estes progresos causaban no carteiro.

Cando finalmente este deu memorizado unha cota xenerosa de versos do vate e se propuxo administralos para seducila, deuse de fociños cunha institución temible en Chile: as sogras. Unha mañá en que disimulou pacientemente baixo o farol da esquina que a esperaba, cando viu a Beatriz abrir a porta da súa casa e saltou cara a ela rezando o seu nome, irrompeu a nai na escena, fichouno como a un insecto e díxolle «bos días» cun ton, que inconfundiblemente significaba «desaparece».

Ao día seguinte, optando por unha estratexia diplomática, nun momento en que a súa adorada non estaba no hostel, chegou ata o bar, puxo a súa bolsa na barra, e pediu á nai unha botella de viño de excelente marca, que procedeu a colocar entre as cartas e os impresos.

Tras carraspear, dedicou unha mirada ao hostel coma se o vise por primeira vez, e dixo:

–É lindo este local.

A nai de Beatriz repuxo cortesmente:

–Eu non lle preguntei nada a súa opinión.

Mario cravou a vista na súa bolsa de coiro, con ganas de afundirse nela e facerlle compañía á botella. Carraspexou novamente:

–Xuntóuselle moita correspondencia a Neruda. Eu ando con ela para que non se perda.

A muller cruzouse de brazos e erguendo o seu arisco nariz, dixo:

–Ben, e p’a que me conta todo iso? Ou seica que quere darme conversa?

Estimulado por este fraternal diálogo, no crepúsculo do mesmo día e cando o sol laranxa faría as delicias de aprendices de bardos e namorados, sen darse conta de que a nai da rapariga o observaba desde o balcón da súa casa, seguiu os pasos de Beatriz pola praia e á altura dos rochedos, co corazón na mandíbula, faloulle. Primeiro con vehemencia, pero logo, coma se el fose unha marioneta e Neruda o seu ventrílocuo, logrou unha fluidez que permitiu ás imaxes tramarse con tal encanto, que a charla, ou mellor dito o recital, durou ata que a escuridade foi perfecta.

Cando Beatriz volveu dos rochedos directamente ao hostel, e recolleu sonámbula da mesa unha botella a medio consumir que dous pescadores alixeiraban cantaruxando o bolero *La vela* de Roberto Lecaros, deixándoos apampados, para logo avanzar co mal logrado licor cara a súa casa, a nai decidiu que era hora de pechar, condonou o pago do frustrado consumo aos seus clientes, acompañounos ata a entrada, e botoulle o pecho á porta.

Atopouna na habitación exposta ao vento outonal, a mirada acosada pola oblicua lúa chea, a penumbra difusa sobre a colcha, a respiración alborotada.

–Que fas? –preguntoulle.

–Estou pensando.

Bruscamente dunha gadoupada accionou o interruptor, e a luz agrediu o seu rostro ausente.

–Se estás pensando, quero ver que cara pos cando pensas. –Beatriz cubriuse os ollos coas mans—. ¡E coa fiestra aberta en pleno outono!

–É a miña habitación, mamá.

–Pero as contas do médico págoas eu. Imos falar claro, filliña. Quen é el?

–Chámase Mario.

–E que fai?

–É carteiro.

–Cartero?

–E logo non lle viu a carteira?

–Claro que lle vin a carteira. E tamén vin para que usou a carteira. Para meter dentro unha botella de viño.

–Porque xa terminara o reparto.

–A quen lle leva cartas?

–A don Pablo.

–Neruda?

–Si, e son amigos.

–Díxocho el?

–Vinos eu xuntos. O outro día estiveron conversando no hostel.

–De que falaron?

–De política.

–Ah, ademais é comunista!

–Mamá, Neruda vai ser presidente de Chile.

–Filliña, se confundes a poesía coa política, decontado vas ser nai solteira. Que che dixo?

Beatriz tivo a palabra na punta da lingua, pero adobouna algúns segundos coa súa cálida saliva.

–Metáforas.

A nai agarrou a bola do rústico catre de bronce, apertándoa hasta convencerse de que podía derretela.

–Que lle pasa mamá? Que quedou pensando?

A muller achegouse á beira da moza, deixouse desvanecer sobre o leito, e con voz agoniada, dixo:

–Nunca che oín unha palabra tan longa. Que «metáforas» che dixo?

–Díxome... Díxome que o meu sorriso se estende como unha bolboreta no meu rostro.

–E que máis?

–Pois, cando dixo iso, eu rin.

–E entón?

–Entón dixo unha cousa da miña risa. Dixo que a miña risa era unha rosa, unha lanza que se debulla, unha auga que estala. Dixo que a miña risa era unha repentina onda de prata.

A muller humedeceu coa lingua trémula os seus beizos.

–E que fixeches entón?–

Quedei calada.

–E el? .

–Que máis me dixo?

Non, filliña. Que máis che fixo! Porque o teu carteiro ademais de boca ha de ter mans.

–Non me tocou en ningún momento. Dixo que estaba feliz de estar tendido xunto a unha moza pura, como á beira dun océano branco.

–E ti?

–Eu quedei calada pensando.

–E el?

–Díxome que lle gustaba cando calaba porque estaba como ausente.

–E ti?

–Eu mireino.

–E el?

–Miroume tamén. E despois deixou de mirarme aos ollos e estivo un longo intre mirándome o pelo, sen dicir nada, coma se estivese pensando. E entón díxome: «fáltame tempo para celebrar os teus cabelos, un por un debo contalos e encomialos».

A nai púxose de pé e cruzou diante do seu peito as palmas das mans, horizontais como os fíos dunha guillotina.

–Filliña, non me contes máis. Estamos fronte a un caso moi perigoso. Todos os homes que primeiro tocan coa palabra, despois chegan máis lonxe coas mans.

–Que van ter de malo as palabras! –dixo Beatriz abrazándose á almofada.

–Non hai peor droga que o fala que fala. Fai sentir a unha pousadeira de aldea como unha princesa veneciana. E despois, cando vén a hora da verdade, a volta á realidade, dáste conta de que as palabras son un cheque sen fondo. Prefiro mil veces que un borracho che toque o cu no bar, a que che digan que un sorriso teu voa máis alto ca unha bolboreta!

–*Esténdese* como unha bolboreta! –saltou Beatriz.

–Que voe ou que se estenda dá o mesmo! E sabes por que? Porque detrás das palabras non hai nada. Son luces de bengala que se desfán no aire.

–As palabras que me dixo Mario non se desfizeron no aire. Seinas de memoria e gústame pensar nelas cando traballo.

–Xa me dei conta. Mañá fas a túa maleta e vaste uns días onde a túa tía en Santiago.

–Non quero.

–A túa opinión non me importa. Isto púxose grave.

–Que ten de grave que un mozo che fale! A todas as raparigas lles pasa!

A nai fixo un nó no seu chal.

–Primeiro, que se nota ás leguas que as cousas que che di son copiadas de Neruda.

Beatriz dobrou o pescozo e mirou a parede coma se se tratase do horizonte.

–Non, mamá! Mirábame e saíanlle as palabras como paxaros da boca.

–Como «paxaros da boca». Esta mesma noite fas a túa maleta e partes para Santiago! Sabes como se chama cando un di cousas de outro e o oculta? Plaxio! E o teu Mario pode ir dar no cárcere por andarche dicindo... metáforas! Eu mesma vou telefonar ao poeta, e voulle dicir que o carteiro lle anda roubando os versos.

–Como se lle ocorre, siora, que don Pablo vai andar preocupándose diso! É candidato á presidencia da república, se cadra lle dan o Premio Nobel, e vostede vaille ir rexoubar por un par de metáforas.

A muller pasou o polgar polo nariz igual que os boxeadores profesionais.

–«Un par de metáforas.» Viches como estás?

Agarrou a moza pola orella e ergueuna cara arriba, ata que os seus narices quedaron moi xuntos.

–Mamá!

–Estás húmida como unha planta. Tes unha quentura, filla, que só se cura con dous remedios. As labazadas ou as viaxes. –Soltou o lóbulo da moza, sacou a valixa de debaixo do catre e botouna enriba da colcha–. Vaia facendo a súa maleta!

–Non penso! Eu quedo aquí!

–Filliña, os ríos arrastran pedras e as palabras embarazos. A maletiña!

–Eu sei coidarme.

–Que vas saber coidarte, ti! Tal como te estou vendo chegaría co rozamento dunha uña. E recorda que eu lía a Neruda moito antes ca ti. Non saberei eu que cando os homes se quentan, ata o fígado se lles pon poético.

–Neruda é unha persoa seria. Vai ser presidente!

–Tratándose de ir á cama non hai ningunha diferenza entre un presidente, un cura ou un poeta comunista. Sabes quen escribiu «amo o amor dos mariñeiros que bican e se van. Deixan unha promesa, non volven nunca máis»?

–Neruda!

–Claro que Neruda! E ti quedas tan tranquila?

–Eu non armaría tanto escándalo por un bico!

–Polo bico non, pero o bico é a faísca que arma o incendio. E aquí tés outro verso de Neruda: «Amo o amor que se reparte, en bicos, *leito* e pan». Ou sexa, miña filla, falando en prata, a cousa é ata con almorzo na cama.

–Mamá!

–E despois o teu carteiro vaite recitar o inmortal poema nerudiano que eu escribín no meu álbum, cando tiña o túa mesma idade, señorita: «Eu non o quero, amada, para que nada nos amarre, para que non nos una nada».

–Iso non o entendín.

A nai foi armando coas súas mans un imaxinario globiño que comezaba a inflarse sobre o seu embigo, alcanzaba o seu cenit á altura do ventre, e declinaba ao comezo das coxas. Este fluído movemento acompañouno sincopando o verso en cada unha dos seus sílabas: «Eu–non–o–que–ro a–ma–da pa–ra que na–da nos a–ma–rre pa–ra que non nos u–na na–da».

Perplexa a moza deixou de seguir o túrxido desprazamento dos dedos de súa nai e entón, inspirada no sinal de viuvez arredor do anular da súa man, preguntou coa voz dun paxariño:

–O anel?

A muller xurara non chorar máis na súa vida logo da morte do seu lexítimo marido e pai de Beatriz, ata que houber outro defunto tan querido na familia. Mais esta vez, polo menos unha lágrima loitou por saltarlle das súas córneas.

–Si, filla, si. O anel. Fai tranquila a túa maletiña e listo.

A rapariga mordeu a almofada, e despois, mostrando que os seus dentes, a máis de seducir, podían esfiañar tanto teas como carnes, vociferou:

–Isto é ridículo! Porque un home me dixo que o sorriso revoaba na miña cara como unha bolboreta, teño que irme a Santiago!

–Non me sexas alma cándida! –rebentou tamén a nai–. Agora o teu sorriso é unha bolboreta, pero mañá as túas tetas van ser dúas pombas que queren ser arroladas, as túas mamilas van ser dúas melosas framboesas, a túa lingua vai ser a morna alfombra dos deuses, o teu cu vai ser o velame dun navío, e a cousa que agora te fumea entre as pernas vai ser o forno acibeche onde se forxa o ergueito metal da raza! Boas noites!

Unha semana andou Mario coas metáforas atravesadas na gorxa. Beatriz, ou estaba pechada na súa habitación, ou saía a facer as compras ou a pasear ata as rochas coas poutas da nai no seu antebrazo. El seguíaas a certa distancia agachándose entre as dunas, coa certeza de que a súa presenza era un cravo na caluga da señora. Cada vez que a moza se daba volta, a muller endereitábaa cun tirón de orellas, non por protector menos doloroso.

Polas tardes, oía inconsolable *La vela* desde fóra do hostel, coa esperanza de que algunha sombra lla trouxese naquela minisaia que ata ben alto soñaba levantar coa punta da súa lingua. Con mística xuvenil, decidiu non aliviar mediante ningún arte manual a fiel e crecente erección que disimulaba baixo os volumes do vate polo día, e que se prohibía ata a tortura polas noites. Imaxinábase, con perdoable romanticismo, que cada metáfora acuñada, cada suspiro, cada anticipo da lingua dela nos seus lóbulos, entre as súas pernas, era unha forza cósmica que nutría o seu esperma. Con hectolitros desa mellorada sustancia faría levitar de felicidade a Beatriz González, o día en que Deus se decidise probar que existía póndoa nos seus brazos, xa fose vía infarto de miocardio da nai ou rapto famélico.

Foi o domingo desa semana cando o mesmo camión vermello que levara a Neruda dous meses antes, o trouxo de volta ao seu refuxio de Illa Negra. Só que agora, o vehículo viña forrado en carteis dun home con rostro de pai severo, pero con tenro e nobre peito de pombo. Debaxo de cada un deles, dicía o seu nome: Salvador Allende.

Os pescadores comezaron a correr tras o camión, e Mario probou con eles os seus escasos dotes de atleta. No portón da casa, Neruda, o poncho dobrado sobre o ombreiro, e o seu clásico *jockey*, improvisou un breve discurso que a Mario lle pareceu eterno:

–A miña candidatura prendeu como lume –dixo o vate, cheirando o aroma dese mar que tamén era a súa casa–. Non había sitio onde non me solicitasen. Cheguei a conmoerme ante aqueles centenaes de homes e mulleres do pobo que me apertaban, bicaban e choraban. A todos eles lles falaba ou lles lía os meus poemas. A plena chuvia, ás veces, na lama das rúas e camiños. Baixo o vento austral que fai tremer á xente. Estábame entusiasmando. Cada vez asistía máis xente ás miñas concentracións. Cada vez acudían máis mulleres.

Os pescadores riron.

–Con fascinación e terror comecei a pensar que podía facer eu, se saía elixido presidente da república. Entón chegou a boa noticia. –O poeta estendeu o seu brazo

sinalando os carteis sobre o camiión—. Allende xurdiu como candidato único de todas as forzas da Unidade Popular. Previa aceptación do meu partido, presentei rapidamente a renuncia á miña candidatura. Ante unha inmensa e alegre multitude, falei eu para renunciar e Allende para presentarse.

O seu auditorio aplaudiu cunha forza superior ao número alí congregado, e cando Neruda descendeu da tarima, ávido de reencontrarse con o seu escritorio, caracois, versos interrompidos e mascaróns de proa, Mario abordouno con dúas palabras que soaron como unha súplica.

–Don Pablo...

O poeta fixo un sutil movemento, digno de toureiro, e evitou ao rapaz.

–Mañá –díxolle–, mañá.

Esa noite o carteiro entretivo o seu insomnio contando estrelas, mascándose as uñas, apurando un áspero viño tinto e rascándose as meixelas.

Cando ao día seguinte o telegrafista presenciou o espectáculo dos seus restos mortais, antes de entregarlle a correspondencia do vate, apiadouse del, e díxolle en confianza o único alivio realista que deu formulado:

–Beatriz é agora unha beleza. Pero dentro de cincuenta anos será unha vella.

Consóláte con ese pensamento.

Enseguida entregoulle o paquete co correo, e ao soltar o elástico que o ataba, unha carta chamou de tal xeito a atención do raparigo, que outra vez abandonou o resto enriba do mostrador.

Atopou ao poeta ambientándose cun opíparo almorzo na terraza, mentres as gaivotas, atordadas polo reflexo do sol, revoaban en picado sobre o mar.

–Don Pablo –sentenciou con voz transcendente– tráíolle unha carta.

O poeta saboreou un sorbo do seu penetrante café e levantou os ombreiros.

–Sendo ti carteiro, non me estraña.

–Como amigo, veciño e compañeiro, pídlle que a abra e que ma lea.

–Que che lea unha carta miña?

–Si, porque é da nai de Beatriz.

Estendeulla sobre a mesa, cortante como unha daga.

–A nai de Beatriz escíbeme a min? Aquí hai gato encerrado. E a propósito, recordo a miña *Oda ao gato*. Aínda penso que hai tres imaxes aproveitables. O gato como mínimo tigre de salón, como a policía secreta das habitacións, e como o sultán de tellas eróticas.

–Poeta, hoxe non estou para metáforas. A carta, por favor.

Ao resgar o sobre co coitelo da manteiga, procedeu con tan voluntaria impericia, que a operación excedeu o minuto. «Ten razón a xente, cando di que a vinganza é o pracer dos deuses», pensou, mentres se detiña a estudar o selo estampado no sobre, considerando cada rizo da barba do prócer que o animaba, e simulaba descifrar o inescrutable cruño da oficina de correos de San Antonio, partindo unha triscante faragulla de pan que se pegara ao remitente. Ningún mestre do cine policial poría ao carteiro en semellante suspense. Orfo de uñas, mordeuse unha por unha as xemas dos dedos.

O poeta comezou a ler a mensaxe coa mesma cadencia con que dramatizaba os seus versos:

–«Estimado don Pablo. Quen lle escribe é Rosa, viúva de González, nova concesionaria do hostel da ribeira, admiradora da súa poesía, e simpatizante democrata–cristiá. Aínda que non fose votar por vostede, nin votarei por Allende nas próximas eleccións, pídolle como nai, como chilena, e como veciña de Illa Negra, unha cita urxente para falar con vostede...»

A partir deste momento, máis o estupor que a malicia fixo que o vate lese as últimas liñas en silencio. A súbita gravidade do seu rostro fixo sangrar a cutícula do maimiño do carteiro. Neruda procedeu a dobrar a carta, espetou no raparigo a súa mirada e terminou de memoria:

–«... sobre un tal Mario Jiménez, *sedutor de menores*. Sen outro particular, saúda atentamente a vostede. Rosa, viúva de González.»

Púxose de pé con íntima convicción:

–Compañeiro Mario Jiménez, nesta cova eu non me meto dixo o coello.

Mario perseguiuno ata a súa sala atafegada de bucinas, libros e mascaróns de proa.

–Non me pode deixar tirado, don Pablo. Fale coa señora e pídalle que non sexa tola.

–Fillo, eu son poeta nada máis. Non domino o eximio arte de destripar sogras.

–Vostede ten que axudarme porque vostede mesmo escribiu: «Non me gusta a casa sen tellado, a fiestra sen vidros. Non me gusta o día sen traballo nin a noite sen sono.

Non me gusta o home sen muller, nin a muller sen home. Eu quero que as vidas se integren acendendo os bicos ata agora apagados. Eu son o bo poeta casamenteiro».

Supoño que agora non me dirá que este poema é un cheque sen fondos!

Dúas ondas, unha de palidez e outra de asombro, pareceron trepar desde o fígado ata os ollos. Humedecendo os beizos, repentinamente secos, disparou:

–Segundo a túa lóxica, a Shakespeare habería que metelo preso polo asasinato do pai de Hamlet. Se o pobre Shakespeare non escribise a traxedia, seguro que ao pai non lle pasaba nada.

–Por favor, poeta, non me enrede máis do que estou. O que eu quero e ben doado. Fale coa señora, e pídalle que me deixe ver a Beatriz.

–E con iso declárate feliz?

–Feliz.

–Se ela che permite ver á rapariga, déixasme en paz?

–Polo menos, ata mañá.

–Menos dá unha pedra. Imos telefonarlle.

–Agora mesmo?

–Agora xa

Levantando o teléfono, o vate saboreou os inconmensurables ollos do rapaz.

–Desde aquí, sinto que o teu corazón ladra como un can. Suxéitao coa man, home.

–Non podo.

–Ben, dáme o número do hostal.

–«Un.»

–Memorízalo debeuche custar un mundo.

Despois de marcar, o carteiro debeu sufrir outra longa pausa antes de que o poeta falase.

–Dona Rosa viúva de González?

–Ás súas ordes.

–Aquí fálalle Pablo Neruda.

O vate fixo algo que en xeral lle incomodaba: pronunciou o seu propio nome imitando a un animador de televisión, que presenta a estrela de moda. Mais, tanto a carta como as primeiras escaramuzas coa voz da muller facíanlle intuír que era preciso chegar ao impudor, con tal de rescatar ao seu carteiro do coma. Con todo, o efecto que o seu epónimo nome adoitaba exercer, mereceu da viúva apenas un simple:

–Diga!

–Quería agradecerlle a seu amable cartiña.

–Non ten que agradecerme nada, señor. Quero falar con vostede inmediatamente.

–Dígame, dona Rosa.

–Persoalmente!

–E onde?

–Onde mande.

Neruda concedeuse unha tregua para pensar e dixo cauteloso:

–Entón, na miña casa.

–Aí vou.

Antes de colgar, o poeta sacudiu o teléfono coma se quixese tornar algún resto da voz da muller que quedase dentro.

–Que dixo? –suplicou Mario.

–«Aí vou.»

Neruda refregou as mans, e pechando resignado o caderno que se propuña encher con verdes metáforas no seu primeiro día de Illa Negra, tivo a magnificencia de darlle ao raparigo o ánimo que el mesmo necesitaba:

–Polo menos aquí xogamos en casa, meu rei.

Foi cara ao tocadiscos e, alzando un dedo subitamente ditoso, proclamou:

–Tróuxenche de Santiago un agasallo moi especial. «O himno oficial dos carteiros.»

Xunto a estas palabras, a música de *Míster Postman* a cargo dos Beatles expandiuse pola sala desacomodando os mascaróns de proa, volteando os veleiros dentro das botellas, facendo renxer os dentes das máscaras africanas, deslastrando os lastros, estriando a madeira, amotinando as filigranas das cadeiras artesanais, resucitando os amigos mortos inscritos nas vigas baixo o teito, facendo fumegar as pipas longamente apagadas, guitarrear as barrigudas cerámicas de Quinchamali, desprender perfumes as *cocottes* da Belle Époque que empapelaban os muros, galopar o cabalo azul, e pitar a longa e vetusta locomotora arrincada dun poema de Whitman.

E cando o poeta lle puxo a funda do disco nos seus brazos, como entregándolle a custodia dun neonato, e principiou a bailar axitando os seus lentos brazos de pelicano igual que os melenudos campións das bailadas de barrio, marcando o ritmo con esas pernas, que frecuentaron o tempero das coxas de amantes exóticas ou aldeás e que pisaron todos os camiños posibles da terra e aqueles inventados pola súa propia

prosapia, dulcificando os golpes da batería coa traballosa pero decantada ourivería dos anos, Mario soubo que vivía agora un soño: eran os prolegómenos dun anxo, a promesa dunha gloria próxima, o ritual dunha anunciación que lle traería aos seus brazos e aos seus labios salgados e sedentos a bulciosa saliva da amada. Un anxiño de túnica en chamuscas –coa dozura e parsimonia do poeta– aseguráballe unhas prontas nupcias. O seu rostro engalanouse con esa fresca alegría, e o esquivo sorriso reapareceu coa simplicidade dun pan sobre a mesa cotiá. «Se un día morro –díxose–, quero que o ceo sexa como este instante.»

Pero os trens que conducen ao paraíso son sempre locais e entretéñense en estacións húmidas e sufocantes. Só son expresos aqueles que viaxan ao inferno. Ese mesmo ardor sublevoulle as veas, ao ver avanzar detrás das ventás a dona Rosa viúva de González accionando o seu corpo e pés enloitados, coa decisión dunha metralleta. O poeta xulgou atinado escamotear ao carteiro tras unha cortina, e logo, virando sobre os seus talóns, desprendeu elegantemente o seu *jockey* ofrecéndolle cun brazo á señora a máis mol das súas poltronas. A viúva, en cambio, rexeitou a invitación e abriu ambas pernas.

Dilatando o seu oprimido diafragma, puxo de lado os rodeos:

–O que teño que dicirlle é moi grave para falar sentada.

–De que se trata, señora?

–Desde hai algúns meses anda a roldar o meu hostel ese tal Mario Jiménez. Este señor está sendo insolente coa miña filla de apenas dezaseis anos.

–Que lle dixo?

A viúva chuspiu entre os dentes:

–Metáforas.

O poeta tragou saliva.

–E?

–Que coas metáforas, don Pablo, ten á miña filla máis quente que gata nas xaneiras!

–É inverno, dona Rosa.

–A miña pobre Beatriz estase consumindo enteira por ese carteiro. Un home que o único capital que ten son os fungos entre os dedos dos seus arrastrados pés. Pero se os seus pés lle ferven de microbios, a súa boca ten a frescura dunha leituga e é enredosa como unha alga. E o máis grave, don Pablo, é que as metáforas para seducir á miña nena copioulas descaradamente dos seus libros.

–Non!

–Si! Comezou inocentemente falando dun sorriso que era unha bolboreta. Pero despois xa lle dixo que o seu peito era lume de dúas chamas!

–E a imaxe empregada, vostede cre que foi visual ou táctil? –inquiriu o vate.

–Táctil –repuxo a viúva–. Agora prohibinlle saír da casa ata que o señor Jiménez escampe. Vostede atopará cruel que a arrede desta maneira, pero fíxese que lle cachei este poema no medio do sostén.

–Torrado no medio do sostén?

A muller extraeu do seu propio regazo unha inconfundible folla de papel cuadrícula marca Torre, e exhibiuna cal acta xudicial, subliñando o vocábulo *espida* con sagacidade de detective:

*Espida* es tan simple como unha das túas mans,

lisa, terrestre, mínima, redonda, transparente,

tés liñas de lúa, camiños de mazá,

*espida* es delgada como o trigo espido.

*Espida* es azul como a noite en Cuba,

tés enredadeiras e estrelas no pelo.

*Espida* es enorme e amarela

como o verán nunha igrexa de ouro.

Esmagando o texto con repulsa, sepultouno de volta no mandil, e rematou:

–É dicir, señor Neruda, que o carteiro viu á miña filla en pelotas!

O poeta lamentou nese momento ter subscrito a doutrina materialista da interpretación do universo, pois tivo urxencia de pedir misericordia ao Señor.

Encolleito, arriscou unha glosa sen a prestancia deses avogados, que, como Charles Laughton, convencían ata ao morto de que aínda non era cadáver:

–Eu diría, señora Rosa, que do poema non se conclúe necesariamente o feito.

A viúva escrutou ao poeta cun desprezo infinito:

–Dezasete anos que a coñezo, máis nove meses que a levei neste ventre. O poema non mente, don Pablo: exactamente así, como di o poema, é a miña nena cando está espida.

«Deus meu», rogou o poeta, sen que lle saísen as palabras.

–Eu implórolle a vostede –expuxo a muller–, en quen se inspira e confía, que lle ordene a ese tal Mario Jiménez, carteiro e plaxiario, que se absteña desde hoxe e para toda a súa vida de ver á miña filla. E dígalle que se así non o fixese, eu mesma, *persoalmente*, encargareime de arrincarlle os ollos como a ese outro carteiríño, o fresco de Miguel Strogoff.

Pese a que a viúva xa se retirara, dalgún xeito as súas partículas quedaron vibrátiles no aire. O vate dixo «deica logo», puxo o *jockey*, e correu a cortina que ocultaba ó carteiro.

–Mario Jiménez –dixo sen miralo–, estás pálido como un saco de fariña.

O raparigo seguiu ata a terraza, onde o poeta tratou de aspirar fondo o vento do mar.

–Don Pablo, se por fóra estou pálido por dentro estou lívido.

–Non son os adxectivos os que van salvarte dos ferros candentes da viúva González. Xa che vexo repartindo cartas cun bastón branco, un can negro, e coas concas dos teus ollos tan baleiras como faltriqueira de mendigo.

–Se non a podo ver a ela, para que quero os meus ollos!

–Mestre, por moi desesperado que estea, nesta casa permítolle que intente poemas pero non que me cante boleros! Esta señora González talvez non cumpra a súa ameaza, pero se a leva a cabo, poderás repetir con toda propiedade o dito de que a túa vida é escura como a boca dun lobo.

–Se me fai algo, irá ao cárcere.

O vate practicou un semicírculo teatral por detrás do mozo, coa insidia con que Iago quentaba as orellas de Otelo:

–Un par de horas, e despois porana en liberdade incondicional. Alegará que procedeu en defensa propia. Dirá no seu descargo que atacaches a virxindade da súa pupila con arma branca: unha metáfora cantareira como un puñal, incisiva como un canino, esgazadora como un hime. A poesía coa súa saliva buliciosa deixaría a súa pegada nas mamilas da noiva. Por moito menos que iso, a François Villon o colgaron dunha árbore e o sangue brotáballe como rosas do pescozo.

Mario sentiu os seus ollos húmidos, e a voz saíulle tamén mollada:

–Non me importa que esa muller me corte cunha navalla cada un dos meus ósos.

–Mágoa non ter un trío de guitarristas para que che fagan «tu–ru–ru–ru».

–O que me doe é non poder vela a ela –proseguiu absorto o carteiro–. Os seus beizos de cereixa e os seus ollos lentos e enloitados, coma se fosen feitos pola mesma noite.

Non poder ulir ese arrecendo morno que emana!

–A xulgar polo que conta a vella, máis que morno, flamíxero.

–Por que a súa nai me escorrenta? Se eu quero casar con ela.

–Segundo dona Rosa, á parte da roña das túas uñas, non tes outros aforros.

–Pero estou novo e san. Teño dous pulmóns con máis fol que un acordeón.

–Pero só os usas para suspirar por Beatriz González. Xa che sae un son asmático como de sirena dun barco pantasma.

–Xa! Pero con estes pulmóns podería soprar as velas dunha fragata ata Australia.

–Fillo, se segues padecendo pola señorita González, de aquí a un mes non terás fol nin para apagar as veliñas da túa torta de aniversario.

–Ben, entón que fago? –estalou Mario.

–Primeiro de nada non me grites, porque non son xordo!

–Perdón, don Pablo.

Colléndoo polo brazo, Neruda mostroulle o camiño.

–Segundo, vas á túa casa a durmir unha sesta. Tes unhas olleiras máis fondas ca un prato de sopa.

–Hai unha semana que non pego ollo. Os pescadores chámanme «o moucho».

–E dentro doutra semana vanche pór nese chaleco de madeira chamado cariñosamente cadaleito. Mario Jiménez, esta conversación é máis larga ca un mercancías. Ata logo.

En chegando ó portón abriuno con xesto rotundo. Pero ata o queixo de Mario quedou de pedra cando foi empuxado levemente cara o camiño.

–Poeta e compañeiro –dixo decidido–. Vostede meteume neste sarillo, e vostede sácame de aquí. Vostede regaloume os seus libros, ensinoume a usar a lingua para algo máis que pegar selos. Vostede ten a culpa de que eu me namorase.

–Non, señor! Unha cousa é que eu che regalase un par dos meus libros, e outra ben distinta é que che autorizase a plaxialos. Ademais, regalácheslle o poema que eu escribín para Matilde.

–A poesía non é de quen a escribe, senón de quen a usa!

–Alégrame moito frase tan democrática, pero non levemos a democracia ao extremo de someter a votación dentro da familia quen é o pai.

Nun arrebatado, o carteiro abriu a súa carteira e extraeu unha botella de vino da marca predilecta do poeta. O vate non puido evitar que ao sorriso lle seguise unha tenrura moi semellante á compaixón. Avanzaron ata a sala, levantou o teléfono e marcou.

–Señora Rosa viúva de González? Fálalle outra vez Pablo Neruda.

Aínda que Mario quixo oír a réplica polo auricular, esta só alcanzou o sufrido tímpano do poeta.

–«E aínda que fose Jesús cos seus doce apóstolos. O carteiro Mario Jiménez xamais entrará nesta casa.»

Acariñándose o lóbulo, Neruda fixo vagar a súa mirada cara ao cenit.

–Don Pablo, que lle pasa?

–Nada, home, nada. Só que agora sei o que sente un boxeador cando o poñen fóra de combate no primeiro asalto.

A noite do catro de setembro, unha noticia mareante deu voltas polo mundo: Salvador Allende gañara as eleccións en Chile, como o primeiro marxista votado democraticamente.

O hostel de dona Rosa viuse en poucos minutos desbordado por pescadores, turistas primaverais, colexiais con licenza para latar ao día seguinte e polo poeta Pablo Neruda, quen, con estratexia de estadista, abandonou o seu refuxio sorteando as chamadas telefónicas de larga distancia das axencias internacionais que querían entrevistalo. O augurio de días mellores fixo que o diñeiro dos clientes fose administrado con lixeireza, e Rosa non tivo máis remedio que librar do cativerio a Beatriz, para que a axudase na celebración.

Mario Jiménez mantívose a imprudente distancia. Cando o telegrafista baixou do seu impreciso Ford 40 uníndose á festa, o carteiro asaltouno cunha misión que a euforia política do seu xefe recibiu con benevolencia. Tratábase dun pequeno acto de celestineo consistente en soprarlle a Beatriz, cando as circunstancias o permitisen, que el a esperaba no pendello do lado onde se gardaban os aparellos de pesca.

O momento crucial produciuse cando por sorpresa o deputado Labbé fixo a súa entrada no local, cun terno branco como o seu sorriso, e, avanzando entre chanzas dos pescadores que lle rosmaban «mete o rabo entre as pernas» ata a barra onde Neruda alixeiraba unhas copas, díxolle cun xesto versallés:

–Don Pablo, as regras da democracia son así. Hai que saber perder. Os vencidos saúdan aos vencedores.

–Saúde entón, deputado –replicou Neruda, ofrecéndolle un viño e levantando o seu propio vaso para chocalo co de Labbé. A concorrencia aplaudiu, os pescadores gritaron «Viva Allende», logo «Viva Neruda», e o telegrafista administrou con sixilo a mensaxe de Mario, case untando cos seus beizos o sensual lóbulo da rapariga.

Desprendéndose da xerra de viño e o mandil, a moza recolleu un ovo da barra, e foi avanzando descalza á cita baixo os farois desa noite estrelada.

Ao abrir a porta do galpón, soubo distinguir entre as confusas redes ao carteiro sentado sobre un banco de zapateiro, o rostro azoutado pola luz laranxa dunha lámpada de petróleo. Á súa vez, Mario puido identificar, convocando a mesma emoción de entón, a recortada minisaia e a estreita blusa daquel primeiro encontro xunto á mesa do fútbolín. Como concertados co seu recordo, a rapariga alzou o oval e fráxil ovo, e tras pechar co pé a porta, púxoo preto dos seus beizos. Baixándoo un pouco cara aos seus

seos deslizouno seguindo o palpitante vulto cos dedos danzaríns, fíxoo esvarar sobre o seu terso estómago, tróuxoo ata o ventre, escorreuno sobre o seu sexo, ocultouno no medio do triángulo das súas pernas, entibiándoo instantaneamente, e entón cravou unha mirada ardente nos ollos de Mario. Éste fixo ademán de erguerse, pero a rapariga parouno cun xesto. Puxo o ovo sobre a fronte, pasouno pola súa cobreada superficie, montouno sobre o tabique do nariz e ao alcanzar os beizos meteuno na boca afirmándoo entre os dentes.

Mario soubo nese mesmo instante, que a erección con tanta fidelidade sostida durante meses era un pequeno outeiro en comparación coa cordilleira que emerxía do seu pube, cun volcán de nada metafórica lava que comezaba a desenfrear o seu sangue, a turbarlle a mirada, e a transformar ata a súa saliva nunha especie de esperma. Beatriz indicoulle que se axeonllase. Aínda que o chan era de ruda madeira, pareceulle unha principesca alfombra, cando a moza case levitando se puxo a carón del.

Un ademán das súas mans amosoulle que tiña que pór as del en forma de cunca. Se algunha vez obedecer lle resultara intragable, agora só anhelaba a escravitude. A rapariga arqueouse cara atrás e o ovo, cal minúsculo equilibrista, percorreu cada centímetro da tea da súa blusa e saia ata irse a arrombar nas palmas de Mario. Levantou a vista cara a Beatriz e viu a súa lingua feita unha labarada entre os dentes, os seus ollos turbiamente decididos, as cellas ó axexo esperando a iniciativa do mozo. Mario levantou delicadamente un chisco o ovo, cal se estivese a piques de incubar. Púxoo sobre o ventre da rapariga e cun sorriso de prestidixitador fíxoo escorregar sobre as súas ancas, marcou con el moi devagar a liña do cu, dirixiuno contra o costado dereito, en tanto Beatriz, coa boca entreaberta, seguía co ventre e as cadeiras as súas pulsacións. Cando o ovo deu completado a súa órbita o mozo retornouno polo arco do ventre, encurvouno sobre a abertura dos seos, e alzándose xunto con el, fíxoo recalar no pescozo. Beatriz baixou o queixo e retívoo alí cun sorriso que era máis unha orde ca unha cordialidade. Entón Mario avanzou coa súa boca ata o ovo, prendeuno entre os dentes, e apartándose, esperou que ela viñese rescatalo dos seus beizos coa súa propia boca. Ao sentir por encima da casca rozar a carne dela, a súa boca deixou que a delicia o desbordara. O primeiro punto da súa pel que untaba, que unxía, era aquel que nos seus sonhos ela cedía como o último bastión dun acoso que contemplaba lamber cada un dos seus poros, o máis tenue peliño dos seus brazos, a sedosa caída das súas pálpebras, o vertixinoso declive do seu pescozo. Era o tempo da colleita, o amor madurara espeso e duro no seu

esqueleto, as palabras volvían ás súas raíces. Este momento, díxose, este, este momento, este este este este este momento, este este este momento, este. Pechou os ollos cando ela retiraba o ovo coa súa boca. Ás escuras cubriuna por detrás mentres na súa mente unha explosión de peixes escintilantes brotaban nun océano calmo. Unha lúa inconmensurable bañábao, e tivo a certeza de comprender, coa súa saliva sobre esa caluga, o que era o infinito. Chegou ao outro flanco da súa amada, e unha vez máis prendeu o ovo entre os dentes. E agora, coma se ambos estiveran danzando ao compás dunha música secreta, ela entreabriu o escote da súa blusa e Mario fixo escorregar o ovo entre as súas tetas. Beatriz desprende o seu cinto, levantou a asfixiante peza, e o ovo foi rebentar ao chan, cando a moza tirou da blusa sobre a súa cabeza e expuxo o dorso dourado pola lámpada de petróleo. Mario baixoulle a traballosa minisaia e cando a fragrante vexetación do seu chocho agasallou ao seu axexante nariz, non tivo outra inspiración que untala coa punta da lingua. Nese preciso instante, Beatriz emitiu un berro nutrido de ampeo, de salouco, de malgaste, de garganta, de música, de febre, que se prolongou uns segundos, en que o seu corpo enteiro tremeu ata desvanecerse. Deixouse escorregar ata a madeira do piso, e despois de colocarlle un sixiloso dedo sobre o beizo que a lambera, levouno húmido ata a rústica tea do pantalón do raparigo, e palpando o grosor do seu pito, díxolle con voz rouca:

–Fixéchesme acabar, parviño.

A voda tivo lugar dous meses despois –expresión do telegrafista– de que se iniciara o marcador. Rosa viúva de González, tallada en maternal perspicacia non pasou por alto que as lides, a partir da reloucante inauguración do campionato, empezaban a ter lugar en enfrontamentos matutinos, diúrnos e nocturnos. A palidez do carteiro acentuouse e non precisamente polos arrefriados, dos cales parecía estar curado por obra de maxia. Beatriz González, pola súa banda, segundo o caderno do carteiro e testemuñas espontáneas, florecía, irradiaba, destellaba, resplandecía, fulguraba, arraiaba e levitaba. De modo que cando un sábado pola noite, Mario Jiménez se fixo presente no hostel a pedir a man da rapariga coa fonda convicción de que o seu idilio sería truncado por un escopetada da viúva que lle voaría tanto a florida lingua canto os íntimos miolos, Rosa viúva de González, adestrada na filosofía do pragmatismo abriu unha botella de *champagne Valdivieso demi-sec*, serviu tres vasos que rebordaron de espuma, e deu curso á petición do carteiro sen carantoña ningunha, pero cunha frase que substituíu á temida bala: «Ao feito, peito».

Esta consigna tivo unha sorte de colofón na mesma porta da igrexa, onde ía a santificarse o irreparable, cando o telegrafista, erudito en indiscrecións, mirou o traxe azul de tea inglesa de Neruda e exclamou con moca:

–Véseo moi elegante, poeta.

Neruda axustouse o nó da gravata de seda italiana, e dixo con marcada desleixo:

–É que estou de ensaio xeral. Allende acábame de nomear embaixador en París.

A viúva de González percorreu a xeografía de Neruda, desde a súa calvicie ata os zapatos de festivo brillo, e dixo:

–¡Ave que bebe, voa!

Mentres avanzaban polo corredor cara ao altar, Neruda confesoulle a Mario unha intuición.

–Moito me temo, raparigo, que a viúva González está decidida a enfrontar a guerra das metáforas cunha artillería de refráns.

A festa foi breve por dous motivos. O egrexio padriño tiña taxi na porta para transportalo ao aeroporto; e os novos esposos, algunha presa para debutar na legalidade tras meses de clandestinidade. O pai de Mario, no entanto, amañouse para infiltrar no tocadiscos *Un vals para Jazmín* de Perico Fernández «*el Temucano*», mediante o cal botou un recio lagrimón evocando a súa defunta esposa que «desde o ceo mira este día

de felicidade de Marito» e trouxo á pista de baile a dona Rosa, que se abstivo de frases históricas mentres bailaba nos brazos deste home «pobre, pero honrado».

Os esforzos do carteiro tendentes a conseguir que Neruda danzara unha vez máis *Wait a minute, Mr. Postman* polos Beatles, fracasaron. O poeta xa se sentía en misión oficial e non incorreu en descoidos que puidesen alentar á prensa da oposición, que, a tres meses de goberno de Allende, xa falaban dun estrepitoso fracaso.

O telegrafista non só declarou a semana entrante de permiso para o seu súbdito Mario Jiménez, senón que ademais liberouno de asistir ás reunións políticas onde se organizaba ás bases para mobilizar as iniciativas do goberno popular. «Non se pode ter ao mesmo tempo o paxaro na gaiola e a cabeza na patria», proclamou con inhabitual riqueza metafórica.

As escenas vividas no rústico leito de Beatriz durante os meses seguintes fixeron sentir a Mario que todo o gozado ata entón era unha pálida sinopse do filme, que agora se ofrecía na pantalla oficial en Cinerama e technicolor. A pel da rapariga nunca se esgotaba e cada tramo, cada poro, cada prego, cada pelo, ata cada rulo do seu pubis, parecíalle un novo sabor.

Ao cuarto mes destas deliciosas prácticas, Rosa viúva de González irrompeu unha mañá na habitación do matrimonio, tras agardar con discreción o último rechouchío do orgasmo da súa nena, e, sacudindo as sabas sen preámbulos, tirou ao chan os eróticos corpos que a cubrían. Dixo só unha frase, que Mario oíu con terror tapándose o que lle colgaba entre as pernas.

–Cando consentín que casase coa miña filla, supuxen que ingresaba na familia un xenro e non un chulo.

O mozo Jiménez viuna abandonar a peza cunha portada memorable. Ao buscar unha mirada solidaria de Beatriz que apoiase a súa expresión ofendida, non atopou outra resposta que unha carantoña severa dela.

–Miña nai leva razón –dixo, cun ton que por primeira vez lle fixo sentir ao mozo que nas súas veas corría o mesmo sangue da viúva.

–¡Que queres que faga! –gritou con volume suficiente, como para que toda a ribeira se decatase–. Se o poeta está en París, non teño a quen cona repartirle cartas.

–Busca un traballo –ladroulle a súa tenra noiva.– Eu non casei para que me dixesen as mesmas parvadas que me dicía meu pai.

Por segunda vez a porta foi amenizada cun golpe, que desprende da parede a funda do disco dos Beatles obsequiada polo poeta. Pedaleou furioso na súa bicicleta ata San Antonio, consumiu unha comedia de Rock Hudson e Doris Day no cine, e gastou as horas seguintes espiando as pernas das colexialas na praza ou tragando cervexas na cantina. Foi a procurar o compadreo do telegrafista, mais este estaba arengando ao persoal cun discursiño acerca de cómo ganar a batalla da produción, e, tras dous bocexos, foise de volta para a ribeira. No canto de entrar no hostel, dirixiuse á casa de seu pai.

Don José puxo unha botella de viño na mesa, e díxolle «cóntame». Un vaso foi apurado polos homes, e xa o pai acelerou o seu diagnóstico:

–Tes que buscar traballo, fillo.

Aínda que a vontade de Mario non daba para semellante epopea, a montaña veu a Mahoma. O goberno da Unidade Popular fixo sentir a súa presenza na pequena ribeira, cando a dirección de Turismo elaborou un plan de vacacións para os traballadores dunha fábrica téxtil en Santiago. Un certo compañeiro Rodríguez, xeólogo e xeógrafo, de lingua e ollos acesos, fíxose presente no hostel cunha proposta á viúva González. Estaría ela disposta a se poñer á altura dos tempos, e a transformar o seu bar nun restaurante que dese xantar e cea a un continxente de vinte familias, que acamparían nas inmediacións durante o verán? A viúva estivo reticente só cinco minutos. Pero, en canto o compañeiro Rodríguez a puxo ao tanto das ganancias que o novo oficio carrexaría, mirou compulsivamente ao seu xenro, e díxolle:

–Vostede estaría disposto a facerse cargo da cociña, Mariiño?

Mario Jiménez sentiu que nese momento envellecía dez anos. A súa tenra Beatriz estaba fronte a el alentándoo cun sorriso beatífico.

–Si –dixo, tomándose o seu vaso de viño, e lucindo o mesmo entusiasmo con que Sócrates bebeu a cicuta.

Ás metáforas do poeta, que continuou cultivando e memorizando, uníronse agora algúns comestibles que o sensual vate xa celebrara nas súas odas: cebolas («redondas rosas de auga»), alcachofas («vestidas de guerreiros e relucentes como granadas»), congros («xigantes anguías de nevada carne»), allos («marfís preciosos»), tomates («vermellas vísceras, frescos soles»), aceites («pedestal de perdices e chave celeste da maionesa»), papas («fariña da noite»), atúns («balas do profundo océano», «enloitadas frechas»), ameixas («pequenas copas de ámbar dourado»), mazás («plenas e

puras fazulas arreboladas da aurora»), sal («cristal do mar, esquecemento das ondas») e laranxas para tramar a «Chirimoya alegre», prostre que sería o *hit* do verán xunto á canción *Lolita en la playa* do grupo Minimás.

Ao pouco tempo chegaron á ribeira algúns mozos obreiros que foron cravando postes desde o casarío ata a estrada. Segundo o compañeiro Rodríguez, os pescadores terían electricidade nas súas casas antes de tres semanas. «Allende cumpre» dixo enrolando a punta do bigote. Pero os progresos no pobo, traían aparelados problemas. Un día en que Mario preparaba unha ensalada á chilena manipulando o coitelo nun tomate, como un bailarín da oda de Neruda («debemos por desgraza asasinalo, afundir o coitelo na súa polpa vivente»), observou que a mirada do compañeiro Rodríguez se prendeu do cu de Beatriz, de volta ao bar despois de pór o viño na súa mesa. E un minuto despois, ao abrir ela os beizos para sorrirlle, cando o cliente le pediu «esa ensalada á chilena», Mario saltou por encima do mostrador coitelo en riste, e levouno entre ambas as mans por encima da cabeza como vira nos westerns xaponeses, púxose xunto á mesa de Rodríguez, e baixouno tan feroz e vertical que quedou vibrando espichado uns catro centímetros na táboa. O compañeiro Rodríguez, afeito a precisións xeométricas e a medicións xeolóxicas, non tivo dúbidas de que o mesoneiro poeta montara o teatro a modo de parábola. Se este coitelo penetrase así na carne dun cristián, meditou melancólico, poderíase facer un gulasch co seu fígado. Solemne, pediu a conta, e abstívose de caer polo hostel por tempo indefinido e infinito. Adestrado á súa vez no refraneiro de dona Rosa, que sempre procuraba matar dous paxaros dun tiro, Mario suxeríulle a Beatriz cun xesto, que constatase como o torvo coitelo seguía fendendo a nobre madeira de raulí, aínda cando o incidente tivera lugar había xa un minuto.

–Entendido! –dixo ela.

Os rendementos do novo oficio permitiron que dona Rosa fixera algúns investimentos que funcionasen como cebo para amarrar novos clientes. O primeiro, foi adquirir un televisor pagado en incómodas cotas mensuais, que atraeu ao bar un continxente sen explotar: as mulleres dos obreiros do cámping, quen deixaban aos seus homes marcharse ás tendas para descabezaren unha sesta arrolada polas opíparas racións do xantar convenientemente aliviadas por un tinto cabezón, e que consumían interminables infusións de menta, tes de boldo, ou limoadas, mentres gulosamente devoraban as imaxes da teleserie mexicana «Simplemente María». Cando despois de cada episodio xurdía na pantalla un iluminado militante do marxismo na sección

cultural denunciando o imperialismo cultural e as ideas reaccionarias que os melodramas inculcaban no «noso pobo», as mulleres apagaban o televisor e púñanse a tecer ou botaban unha man de dominó.

Aínda que Mario sempre pensou que a súa sogra era agarrada –«vostede parece que tivese pirañas na carteira, señora»– o certo é que ao cabo dun ano de raspar cenorias, chorar cebolas e destripar xurelos xuntara suficiente prata como para empezar a soñar en facer o seu soño realidade: comprar unha pasaxe aérea e visitar a Neruda en París.

Nunha visita á parroquia, o telegrafista presentou a súa proposta ao cura que casara á parella, e revisando na casa das ánimas o atrezo alí arrombado do último viacrucis representado en San Antonio por Aníbal Reina pai, popularmente coñecido como o «trompa Reina», alcume que herdou o seu talentoso e socialista fillo, atoparon un par de ás trenzadas con plumas de gansos, patos, galiñas e outros volátiles, que accionadas por unha cordiña batían anxelicalmente. Con paciencia de ourive, o cura montou un pequeno estaribel sobre o lombo do funcionario de correos, púxolle a súa viseira de plástico verde, semellante á dos gángsteres dos garitos, e con limpador *Brasso* sacoulle brillo á cadea de ouro do reloxo que lle atravesaba o bandullo.

Ao mediodía, o telegrafista avanzou desde o mar ata o hostel deixando estupefactos aos bañistas que viron atravesar sobre inflamada area o anxo máis gordo e vello de toda a historia haxiográfica. Mario, Beatriz e Rosa, ocupados en contas tendentes a confeccionar un menú que sortease os precoces problemas do desabastecemento, creron ser vítimas dunha alucinación. Mais, en canto o telegrafista gritou a distancia: «Correo de Pablo Neruda para Mario Jiménez» alzando nunha man un paquete con non tantos cruños como un pasaporte chileno, pero con máis cintas ca unha árbore de Pascua, e na outra unha pulcra carta, o carteiro flotou sobre a area e arrebatoulle os dous obxectos. Fóra de si, púxoos na mesa e observounos cal se fosen dous preciosos xeroglíficos. A viúva, reposta do seu arrebatado onírico, increpou ao telegrafista con ton británico:

–Tivo o vento a favor?

–Vento a favor, pero moito paxaro en contra.

Mario apertouse as tempas, e pestanexou dun vulto ao outro.

–Que abro primeiro? A carta ou o paquete?

–O paquete, meu fillo –sentenciou dona Rosa–. Na carta só veñen palabras.

–Non, señora, primeiro a carta.

–O paquete –dixo a viúva, facendo ademán de tomalo.

O telegrafista deuse aire cunha á, e levantou un dedo admonitorio nas bentas da viúva.

–Non sexa materialista, sogra.

A muller botouse sobre o respaldo da cadeira.

A ver vostede, que tanto farda de culto. Que é un materialista?

–Alguén que cando ten que elixir entre unha rosa e un polo, elixe sempre o polo – farfallou o telegrafista.

Gargarexando, Mario púxose de pé e dixo:

–Señoras e señores, vou abrir a carta.

Posto que xa se propuxo incluír ese sobre, onde o seu nome aparecía claramente rotulado pola tinta verde do poeta, na súa colección de trofeos sobre a parede do dormitorio, foino abrindo coa paciencia e a levedade dunha formiga. Coas mans a tremer, puxo fronte aos seus ollos o contido, e comezou a silabalo coidando de que non se lle saltase nin o máis insignificante signo:

–«Que–ri–do Ma–rio Ji–mé–nez de pés a–la–dos.»

Dun puñazo, a viúva arrebatoulle a carta e procedeu a patinar sobre as palabras sen pausa nin entoacións:

«Querido Mario Jiménez, de pés alados, recordada Beatriz González de Jiménez, faísca e incendio de Illa Negra, señora excelentísima Rosa viúva de González, querido futuro herdeiro Pablo Neftalí Jiménez González, golfiño de Illa Negra, eximio nadador na morna placenta de túa nai, e cando saias ao sol rei das rochas, dos papaventos e campión en escorrentar gaivotas, queridos todos, queridísimos os catro. No lles escribín antes como prometera, porque non quería mandarlles só unha postal coas bailarinas de Degas. Sei que esta é a primeira carta que recibes na túa vida, Mario, e polo menos tiña que vir dentro dun sobre; se non, non vale. Dáme risa pensar que esta carta tiveches que repartila ti mesmo. Xa me contarás todo o da illa, e dirasme a que te dedicas agora que a correspondencia me chega a París. É de esperar que non te botasen de correos e telégrafos, por ausencia do poeta. Ou por sorte o presidente Allende che ofreceu algún ministerio?»

«Ser embaixador en Francia é algo novo e incómodo para min. Pero entraña un desafío. En Chile, fixemos unha revolución chilena moi admirada e discutida. O nome de Chile vese engrandecido de forma extraordinaria.» Hmm!

–O hmm! é meu –intercalou a viúva, mergullándose outra vez na carta.

«Vivo con Matilde nun dormitorio tan grande que serviría para aloxar a un guerreiro co seu cabalo. Pero síntome moi, moi lonxe dos meus días de ás azuis na miña casa de Illa Negra.»

« Bótavos de menos e abrázavos o voso veciño e celestino, Pablo Neruda.»

–Abramos o paquete –dixo dona Rosa tras cortar co fatídico coitelo cociñeiro as cordas que o ataban. Mario tomou a carta, e púxose a revisar con moito coidado o final e logo o dorso.

–Iso era todo?

–E logo que máis quería, meu xenro?

–Esa cousa con «PD» que se pon ao terminar de escribir.

–Non, pois, non había ningunha chorrada con PD.

–Paréceme raro que sexa tan curta. Porque se un a mira así de lonxe, como que se ve máis longa.

–O que pasa é que mamá a leu a todo correr –dixo Beatriz.

–A correr ou devagar –dixo dona Rosa, a piques de acabar coa corda e o paquete– as palabras din o mesmo. A velocidade é independente do que significan as cousas.

Pero Beatriz non oíu o teorema. Concentrouse na expresión ausente de Mario, que parecía dedicarlle a súa perplexidade ao infinito.

–Que quedaches pensando?

–En que falta algo. Cando a min me ensinaron a escribir cartas no colexio, dixerónme que sempre había que pór ao final PD e despois agregar algunha outra cousa que non se dixo na carta. Estou seguro de que don Pablo se esqueceu de algo.

Rosa estivo remexendo na abundante palla que enchía o paquete, ata que terminou alzando coa tenrura dunha parteira unha xaponesísima gravadora Sony con micrófono incorporado.

–Debeulle custar tela ao poeta –dixo solemne. Dispúñase a ler unha tarxeta manuscrita en tinta verde, pendente dun elástico que circundaba ao aparello, cando Mario lla arrebatou dun golpe.

–Ah, non señora! Vostede le moi a correr.

Puxo a tarxeta algúns centímetros diante, coma se a calzara sobre un atril, e foi lendo co seu tradicional estilo silábico: «Que-ri-do Ma-ri-o dous pun-tos e a-pre-ta o botón do me-di-o».

–Vostede demorouse máis en ler a tarxeta, de que eu en ler a carta –simulou un boquexo a viúva.–

–É que vostede non le as palabras, senón que as traga, señora. As palabras hai que saborealas. Un ten que deixar que se desfagan na boca.

Fixo unha espiral co dedo, e enseguida premeu na tecla do medio. Aínda que a voz de Neruda foi emitida con fidelidade pola técnica xaponesa, só os días posteriores alertaron ao carteiro sobre os avances nipóns da electrónica, pois a primeira palabra do poeta turbouno cal un elixir: «Posdata».

–Como se para? –gritou Mario.

Beatriz puxo un dedo sobre a tecla vermella.

–«Posdata» –bailou o mozote e impregnou un bico na fazula da sogra–. Tiña razón señora. PD Posdata! Eu díxenlle que non podía haber unha carta sen posdata. O poeta non se esqueceu de min. Eu sabía que a primeira carta da miña vida tiña que vir con posdata! Agora está todo claro, miña sogra. A carta e a posdata.

–Ben –repuxo a viúva–. A carta e a posdata. E por iso chora?

–Eu?

–Si.

–Beatriz?

–Está chorando.

–Pero como podo estar chorando se non estou triste. Se non me doe nada.

–Parece beata nun velorio –rosinou Rosa–. Séquese a cara, e déalle ao botón do medio dunha vez.

–Ben. Pero desde o comezo.

Rebobinou a cinta, pulsou a tecla indicada, e aí estaba outra vez a pequena caixa co poeta dentro. Un Neruda sonoro e transportable. O mozo estendeu a mirada cara ao mar, e tivo o sentimento de que a paisaxe se completaba, que durante meses cargara cunha carencia, que agora podía respirar fondo, que esa dedicatoria, «ao meu entrañable amigo e compañeiro Mario Jiménez», fora sincera.

–«Posdata» –oíu outra vez engaiolado.

–Cale –dixo a viúva.

–Eu non dixen nada.

«Quería mandarche algo máis á parte das palabras. Así que metín a miña voz nesta gaiola que canta. Unha gaiola que é un paxaro. Regálocha. Pero tamén quero pedirche algo, Mario, que só ti, podes cumprir. Todos os meus outros amigos ou non saberían que facer, ou pensarían que son un vello chocho e ridículo. Quero que vaias con esta gravadora paseando pola Illa Negra, e que me graves todos os sons e rúidos que vaias atopando. Necesito desesperadamente aínda que sexa a pantasma da miña casa. A miña

saúde non anda ben. Fáltame o mar. Fáltanme os paxaros. Mándame os sons da miña casa. Entra ata o xardín e deixa soar as campás. Primeiro grava ese repenicar delgado das campás pequenas cando as move o vento; e logo tira da soga da campá maior, cinco, seis veces. Campá, a miña campá! Non hai nada que soe tanto como a palabra campá, se a colgamos dun campanario xunto ao mar. E vai ata as rochas, e grávame o romper das ondas. E se oes gaivotas, grávaas. E se oes o silencio das estrelas siderais, grávaeo. París é fermoso, pero é un traxe que me queda demasiado grande. Ademais, aquí é inverno, e o vento revolve a neve como un muíño a fariña. A neve sobe que sobe, trepa que trepa pola miña pel. Faime un triste rei coa súa túnica branca. Xa me chega á boca, xa me tapa os beizos, xa non me saen as palabras.»

«E para que coñezas algo da música de Francia, mándoche unha gravación do ano 38 que atopei entumecida nunha tenda de discos usados do Barrio Latino. Cantas veces a cantei de mozo? Sempre quixen tela e non puider. Chámase *J'attendrai*, cántaa Rina Ketty, e a letra di: “Esperarei, día e noite, esperarei sempre que regreses”».

Un clarinete introduciu os primeiros compases, grave, sonámbulo, e un xilófono repetiunos leve, máis ou menos nostálxico. E cando Rina Ketty rezou o primeiro verso, o baixo e a batería acompañárona, xordo e calmo un, susurrante e arrastrado a outra. Mario soubo esta vez que a súa fazula estaba de novo mollada, e aínda que amou a canción a primeiras oídas, foise discreto rumbo á praia ata que o estrondo das ondas fixo que a melodía xa non o alcanzase.

Gravou o movemento do mar coa teima dun filatélico.

Reduciu a súa vida e traballo, ante a ira de Rosa, a seguir os vaivéns das cheas e devalos das mareas, da auga dos salseiros animada polos ventos.

Puxo a Sony nunha soga, e filtrouna entre as gretas dos rochedos onde fregaban as súas pinzas os cangrexos, e o verdello se abrazaba ás pedras.

No bote de don José, introduciuse máis aló da primeira rompente, e, defendendo a gravadora cun anaco de nylon, logrou case o estereofónico efecto de ondas de tres metros que, cal pitelos, ían sucumbir na praia.

Noutros días calmos, tivo a sorte de facerse co peteirazo da gaivota, cando caía en picado sobre a sardiña, e co seu voo a rentes da auga controlándolle segura no peteiro as súas postremeiras convulsións. Houbo tamén unha ocasión en que algúns pelicanos, paxaros preguntóns e anarquistas, bateron as súas ás ao longo da beira, cal se presentisen que, ao día seguinte, un cardume de sardiñas vararía na praia. Os fillos dos pescadores recolleron peixes co simple recurso de afundir no mar os baldes de xoguete dos que se valían para construír castelos na area. Tanta sardiña ardeu sobre as brasas das rústicas grellas aquela noite que fixeron o seu agosto os gatos enchéndose eróticos baixo a lúa chea, e dona Rosa viu chegar cara ás dez da noite un batallón de pescadores máis secos que lexionarios no Sahara.

Ao cabo de tres horas de baleirar xerras, a viúva de González, desprovista da axuda de Mario que, en efecto, intentaba gravar para Neruda o tránsito das estrelas siderais, perfeccionou a imaxe dos lexionarios cunha frase que lle asestou a don José Jiménez: «Vostedes están hoxe máis secos que bosta de camelo».

Mentres caían no máxico trebello nipón lúbricas abellas nos momentos que tiñan orgasmos de sol contra as súas trompas engurradas sobre o cáliz das margaridas ribeirás, mentres os cans vagos ladraban aos meteoritos que caían cal festa de ano novo sobre o Pacífico, mentres as campás da terraza de Neruda eran accionadas manualmente, ou ben caprichosamente orquestradas polo vento, mentres o laio da sirena do faro se expandía e contraía evocando a tristeza dun barco pantasma na néboa de alta mar, mentres un pequeno corazón era detectado primeiro polo tímpano de Mario e logo pola cassette no ventre de Beatriz González, as «contradicións do proceso social e político», como dicía rizándose frenético os pelos do peito o compañeiro Rodríguez, comezaron a pór difíciles acentos no conciso casarío.

Ao comezo, non houbo carne de vacún con que lle dar sustancia ás cazolas. A viúva de González viuse obrigada a improvisar a sopa sobre a base de verduras apañadas nas hortas veciñas, que xuntaba arredor de ósos con nostalxias de fibras de carne. Tras unha semana desta estratéxica dose, os pensionistas declaráronse en comité aberto, e en turbulenta sesión expuxéronlle á viúva de González que, aínda que lles asistía a íntima convicción de que o desabastecemento e o mercado negro eran producidos pola reacción conspiradora que pretendía derrocar a Allende, fíxese ela o favor de non facer pasar esa auga chirla de verduras pola crioula «cazola». Todo o máis, precisou o portavoz, aceptaríanlla como minestrone; pero en devandito caso a señora Rosa ex de González debería baixar un escudo no prezo do menú, qué menos. A viúva non tributou a estes plausibles argumentos unha atención comedida. Referíndose ao entusiasmo con que o proletariado elixira a Allende, lavouse as mans respecto ao problema do desabastecemento, cun refrán que brotou do seu sutil enxeño: «Cada porco se procura ao seu gusto a lavadura ».

Antes que emendar rumbos, a viúva pareceu facerse eco da consigna radiofónica de certa esquerda que con alegre irresponsabilidade proclamaba «avanzar sen acordar», e seguiu pasando infusións de limón por te, caldo de xema por consomé, minestrone por cazola. Outros produtos agregáronse á lista dos ausentes: o aceite, o azucre, o arroz, os deterxentes, e ata a afamada augardente «pisco de Elqui» con que os humildes turistas entretiñan as súas noites de campamento.

Nese abonado terreo, fíxose presente o deputado Labbé coa súa rechiante camioneta, e convocou á poboación da ribeira a escoitar as súas palabras. Co pelo engominado estilo Gardel, e un sorriso semellante ao do xeneral Perón, atopou unha audiencia parcialmente sensible entre as mulleres dos pescadores e as esposas dos turistas, cando acusou ao goberno de incapaz, de deter a produción e de provocar o desabastecemento máis grande da historia do mundo: os pobres soviéticos na conflagración mundial non pasaban tanta fame como o heroico pobo chileno, os raquícos nenos de Etiopía eran donceis vigorosos en comparación cos nosos esfameados fillos; só había unha posibilidade de salvar a Chile das garras definitivas e sanguinarias do marxismo: protestar con tal estrondo golpeando as cazarolas que «o tirano» –así designou ao presidente Allende– enxordecese, e paradoxalmente, prestase oídos ás queixas da poboación e renunciase. Daquela volvería Frei, ou Alessandri, ou o

demócrata que vostedes queiran, e no noso país haberá liberdade, democracia, carne, polos e televisión en cores.

Este discurso que provocou algúns aplausos das mulleres, foi coroado por unha frase emitida polo compañeiro Rodríguez, o cal desertou do seu minestrone precozmente empachado ao oír a arenga do deputado:

–¡A cona de túa nai!

Sen facer uso do megáfono, confiado nos seus proletarios pulmóns, agregou á súa gabanza algunhas informacións que as «compañeritas» debían controlar, se non querían ser embelecadas por estes bruxos de colo e gravata que fan sabotaxe na produción, que acaparan os alimentos nas súas adegas causando un desabastecemento artificial, que se deixan comprar polos imperialistas e que conspiran para derrocar o goberno do pobo. Cando os aplausos das mulleres tamén coroaron as súas palabras, subiuse vigorosamente os pantalóns e mirou desafiante a Labbé, o cal, adestrado na análise das condicións obxectivas, limitouse a sorrir sabichón, e a encomiar os restos de democracia en Chile, que permitían que se producise un debate a tan alto nivel.

Nos días seguintes, as contradicións do proceso, como dicían os sociólogos na televisión, fixéronse sentir na ribeira de xeito máis rigoroso que retórico. Os pescadores, mellor equipados cos créditos do goberno socialista e seica alentados por unha popular canción dos Quilapayún de exquisita rima, «*no me digas que merluza no, Maripusa, que yo sí como merluza*», con que os economistas e publicistas do réxime alentaban o consumo de peixes autóctonos que aliviase o excipiente de divisas para a adquisición de carne, aumentaran a produción, e o camión frigorífico que recollía a pesca partía a diario cara á capital coa súa cota chea.

Cando cara ao mediodía dun xoves de outubro, o vital vehículo non se fixo presente e os peixes comezaron a languidecer baixo o forte sol primaveral, os pescadores déronse de conta que a pobre pero idílica ribeira non permanecía allea a esas tribulacións do resto do país, que os alcanzaban ata entón só pola radio ou a televisión de dona Rosa. Na noite dese xoves, fixo a súa aparición na pantalla o deputado Labbé na súa calidade de membro da unión de transportistas, para anunciar que estes comezaran unha folga indefinida con dous propósitos: que o presidente lles dese tarifas especiais para adquirir os seus repostos, e postos a pedir, que renunciase o presidente.

Dous días despois, os peixes foron devoltos ao mar tras impregnar co seu fedor o outrora moi respirable porto e acumular a maior cantidade de moscas e ratos da época.

Tras dúas semanas, en que todo o país intentou con máis patriotismo que eficiencia suplir os estragos da folga con traballos voluntarios, esta rematou deixando a Chile desabastecido e iracundo. O camión retornou; mais non o sorriso, aos ásperos rostros dos traballadores.

Danton, Robespierre, Charles de Gaulle, Jean Paul Belmondo, Charles Aznavour, Brigitte Bardot, Silvie Vartan, Adamo, foron recortados con tesoiras e sen clemencia por Mario Jiménez, de manuais de historia francesa ou revistas ilustradas. Xunto a un inmenso póster de París doado pola única axencia de turismo de San Antonio, onde un avión da Air France se deixaba rabuñar pola punta da torre Eiffel, a colección de recortes deulle ás murallas da súa habitación un distinguido acento cosmopolita. O seu vertixinoso afrancesamento era, con todo, mitigado por algúns obxectos autóctonos: unha bandeirola da Confederación Obreira Campesíña Ranquil, a efíxide da virxe do Carme, defendida con dentes e moas por Beatriz ante a súa ameaza de exiliála na adega, o xogador Carlos «Tanque» Campos nun glorioso xute dos tempos en que o equipo de fútbol da Universidade de Chile era celebrado como «o ballet azul», o Dr. Salvador Allende cruzado pola tricolor banda presidencial, e unha folla arrincada do calendario da editorial Lord Cochrane que detiña no tempo a súa primeira –e ata entón– prolongada noite de amor con Beatriz González.

Neste ameno decorado e tras meses de concienciado traballo, o carteiro gravou, espiando as sensibles ondulacións da súa Sony, o seguinte texto que reproducimos aquí tal cal o oíu dúas semanas máis tarde Pablo Neruda no seu gabinete de París:

Un, dous, tres. Móvese a frecha? Si, móvese (tusido). Querido don Pablo, graciñas polo seu agasallo e pola carta, aínda que chegaba dabondo coa carta para facernos felices. Pero a Sony é moi boa e interesante e eu trato de facer poemas dicíndoos directamente ao aparato e sen escribilos. Ata o momento nada que pague a pena. Demoreime en cumprir o seu mandado, porque na Illa Negra nesta época non se dá abasto. Aquí instalouse agora un campamento de vacacións para os obreiros, e eu traballo na cociña do hostel. Unha vez por semana vou coa bicicleta ata San Antonio e recollo un par de cartas que chegan aos veraneantes. Nós estamos todos ben e contentos, e hai unha grande novidade da que logo se dará conta. Aposto que xa se puxo todo curioso. Siga oíndo sen facer pasar a cassette máis adiante. Como non acougo sen darlle a boa noticia, non lle quitarei moito do seu precioso tempo. O único que so quería dicirlle é que cousas ten a vida. Vostede queixándose de que a neve lle chega ata as orellas, e fíxese que eu nunca na vida vin nin sequera un copo. Salvo no cine, claro. A min gustaríame estar con vostede en París nadando na neve. Enfariñándome nela como un rato nun muíño. Que raro que aquí non neva, cando é Pascua. Seguramente, culpa do imperialismo yankee! De todas as maneiras, como sinal de gratitude pola súa fermosa

carta e o seu agasallo, dedícolle este poema que escribín para vostede, inspirado nas súas odas, e que se chama –non se me ocorreu un título máis curto– *Oda á neve sobre Neruda en París* (pausa e tusido).

«Branda compañeira de pasos sixilosos,  
abundante leite dos ceos,  
mantelo inmaculado da miña escola,  
saba de viaxeiros silenciosos  
que van de pensión en pensión  
cun retrato engurrado nos petos.  
Lixeira e plural doncela,  
á de milleiros de pombas,  
pano que se despide  
de non sei que cousa.  
Por favor, miña pálida bela,  
cae amable sobre Neruda en París,  
vísteo de gala co teu albo  
traxe de almirante,  
e tráeo na túa leve fragata  
a este porto onde o botamos tanto de menos.

(Pausa) Ben, ata aquí o poema e agora os sons pedidos.

Un, o vento no campanario de Illa Negra. (Segue aproximadamente un minuto de vento sobre o campanario de Illa Negra.)

Dous, eu tocando a campá grande do campanario en Illa Negra. (Seguen sete golpes de campá.)

Tres, as ondas nos rochedos de Illa Negra. (Trátase dunha montaxe con fortes golpes do mar sobre os arrecifes, captado probablemente nun día de tempestade.)

Catro, canto das gaiotas. (Dous minutos de curioso efecto estereofónico, en que ao parecer quen gravaba achegábase ás agachadas cara ás gaiotas acampadas e procedía a espantalas para que voasen, de tal modo que non só se perciben os seus chíos, senón tamén un múltiple bater das ás de sincopada beleza. Entre medio, á altura do segundo

corenta e cinco da toma escóitase a voz de Mario Jiménez gritando «Berren, cona que as pariu!».)

Cinco, a colmea de abellas. (Un zunido de case tres minutos, nun perigoso primeiro plano con fondo de ladridos de cans e canto de aves difíciles de identificar.)

Seis, retirada do mar. (Un momento antolóxico da gravación en que ao parecer o micrófono segue moi preto a marusía no seu bulideiro arrastre sobre a area, ata que as augas se funden coa nova onda. Pode tratarse dunha toma na cal Jiménez corre xunto á auga succionada e ingresa no mar para lograr a preciosa fusión.)

E sete (frase entoada con evidente suspenso, seguida de pausa): don Pablo Neftalí Jiménez González. (Seguen uns dez minutos de estridente pranto do recién nacido.)

Os aforros de Mario Jiménez destinados a unha incursión na «cité lumière» foron consumidos pola succionadora lingua de Pablo Neftalí que, non satisfeito con esgotar os seos de Beatriz, entretíñase en consumir robustas mamadeiras de leite con cacao que, aínda que obtidas con rebaixa no Servizo Médico Nacional, desangraban calquera orzamento. Un ano despois de nacer, Pablo Neftalí non só se mostraba destro en espantar gaivotas, cal profetizara a seu poétísimo padriño, senón que lucía ademais unha curiosa erudición en accidentes. Rubía cara aos arrecifes coa alancada mol e espesa dos gatos, aos que só imitaba ata ese punto, para logo estrangallarse no océano espiñando as nádegas contra os bancos de ourizos, deixándose trabar os dedos por cangrexos, raspillándose o nariz sobre as estrelas de mar, tragando tanta auga salgada que no lapso de tres meses tres veces foi dado por morto. A pesar de que Mario Jiménez era partidario dun socialismo utópico, farto de tirar os seus problemáticos futuros francos na faldriqueira do médico pediatra, confeccionou unha gaiola de madeira na cal deitaba ao seu amado fillo coa convicción de que só así podería durmir unha sesta que non culminase en funeral.

Cando ao pequeno Jiménez lle debutaron os dentes, consta nos barrotes da gaiola que intentou rillalos cos seus caninos de leite. As enxivas coroadas de relo introduciron a outro personaxe no hostel e no exangue orzamento de Mario: o dentista.

Así que, cando a Televisión Nacional anunciou ao mediodía que aquela noite mostrarían as imaxes de Pablo Neruda en Estocolmo, agradecendo o Premio Nobel de Literatura, tivo que axenciarse préstamos para pór en marcha a festa máis sonora e regada que habería de recordar a rexión.

O telegrafista trouxo desde San Antonio un cabrito despezado por un carnicero socialista a prezo potable: «mercado gris» precisou. Mais tamén os seus oficios achegaron a presenza de Domingo Guzmán, un robusto obreiro portuario que, polas noites, se consolaba do lumbago aporreando unha batería Yamaha –outra vez os xaponeses– en *La Rueda*, ante o deleite desas cadeiras trasnoitadas que se puñan sensuais e feroces ao bailar baixo o seu compás o mellor repertorio de cumbias falsas que, con todo respecto, introducira Luisín Landáez en Chile.

No asento dianteiro do Ford 40 viñan o telegrafista e Domingo Guzmán, e, no posterior, a Yamaha e o cabrito. Chegaron cedo, escarapelados con cintas socialistas e bandeirolas chilenas de plástico, entregáronlle o cabrito á viúva de González, quen declarou solemnemente que se rendía ante o poeta Neruda, pero que ía aporrear a súa

cazarola como as damas da caridade en Santiago, ata que os comunistas marchasen do goberno. «Vese que son mellores poetas ca gobernantes», concluíu.

Asistida Beatriz polo grupo renovado de mulleres veraneantes, esta vez allendistas irredentas e capaces de bater en quen tivese algo que dicir contra a Unidade Popular, preparou unha ensalada con tantos achegues da horta local, que houbo que traer á cociña a tina do baño, para que naufragasen alí tumultuosas as leitugas, os orgullosos apios, os tomates brincadores, as acelgas, as cenorias, os rábanos, a boa pataca, o tenaz coandro, a herba das aceitonas. So na maionesa xa se gastaron catorce ovos, e ata se encomendou a Pablo Neftalí a delicada misión de espíar á galiña castelá e cantaruxar «Venceremos», cando esta depuxese o seu ovo diario para crebalo ante ese manxar amarelo que estaba resultando espeso grazas a que ningunha das mulleres menstruaba esa tarde.

Non houbo casoupa de pescador que Mario non visitase para invitalo á festa. Fixo o percorrido da ribeira e do campamento de veraneantes martelando o timbre da súa bicicleta, e irradiando un xúbilo só comparable con aquel que tivo cando Beatriz expulsou da súa placenta ao pequeno Pablo Neftalí, xa provisto dunha melena ao Paul McCartney. Un Premio Nobel para Chile, aínda que fose de Literatura, arengou o «compañeiro» Rodríguez aos veraneantes, é unha gloria para Chile e un triunfo para o presidente Allende. Non acabara de terminar esa frase, cando o novo pai Jiménez, vítima dunha indignación que lle puxo eléctrico cada nervio e cada terminal dos seus cabelos, apertoulle o cóbado e levoullo baixo o salgueiro chorón. Sombreados pola árbore, e cun autocontrol aprendido nos filmes de George Raft, Mario soltou o cóbado do compañeiro Rodríguez, e, humedecéndose os beizos secos de ira, dixo con calma:

–Lémbrese, compañeiro Rodríguez, de aquel coitelo de cociña que un día por casualidade me caeu na mesa cando vostede estaba xantando–

–Non me esquecín –repuxo o activista acariñándose o páncreas.

Mario asentiu, puxo os beizos tensos, coma se fóra a asubiarlle a un gato, e despois pasou sobre eles a rasante uña do polgar.

–Aínda o teño –dixo.

A Domingo Guzmán uníronselle Julián dos Reyes na guitarra, o mozo Pedro Alarcón nas maracas, Rosa viúva de González, vocal, e o compañeiro Rodríguez na trompeta, quen optara por meterse algo na boca a modo de mordaza. O ensaio tivo lugar no estrado do hostel, e todo o mundo soubo de antemán que pola noite se bailarían *La vela* (of course segundo dixo o oculista Radomiro Spotorno, que veu de visita extra a

Illa Negra a curar o ollo de Pablo Neftalí, arteiramente peteirado pola galiña castelá nos momentos en que o infante lle escrutaba o cu para anunciar oportunamente o ovo), *Poquita fe*, por presión da viúva, que se sentía máis animada cos temas sentimentais, e co excitante abaneo dos inmortais *Tiburón*, *tiburón*, *Cumbia de Macondo*, *Lo que pasa es que la banda está borracha* e –menos por audaz teimosía do compañeiro Rodríguez que por distracción de Mario Jiménez– *No me digas que pescada no*, *Maripusa*.

Xunto ao televisor, o carteiro puxo unha bandeira chilena, os libros Losada papel biblia abertos na páxina do autógrafo, un bolígrafo verde do poeta adquirido de xeito innobre por Jiménez, polo cal non se entra aquí en detalles, e a Sony que a modo de abertura ou aperitivo –xa que Mario Jiménez non permitía consumir unha oliva nin mollar a lingua no viño, ata que o discurso terminase– transmitía o *hit parade* de rúidos de Illa Negra.

O que era rebumbio, fame, alboroto, ensaio, cesou maxicamente cando ás 20 horas, en momentos en que o mar empuxaba unha deleitosa brisa sobre o hostel, a Canle Nacional trouxo por satélite as palabras finais de agradecemento do Premio Nobel de Literatura, Pablo Neruda. Houbo un segundo, un só infinitísimo segundo, en que a Mario lle pareceu que o silencio envolvía ao pobo como cubríndoo cun bico. E cando Neruda falou na imaxe nevada do televisor, imaxinouse que as súas palabras eran cabalos celestes que galopaban cara á casa do vate, para iren se arrolar nos seus manxadoiros.

Nenos ante o taboleiro de monicreques, os asistentes ao discurso crearon, co mero recurso da súa aguda atención, a presenza real de Neruda no hostel. Só que, agora, o vate vestía de frac e non co poncho das súas escapadas ao bar, aquel que usara cando por primeira vez sucumbiu atónito ante a beleza de Beatriz González. Se Neruda puidese ver os seus veciños de Illa Negra como eles o estaban vendo, advertiría as súas pétreas pestanas, coma se o máis leve movemento do rostro puidese ocasionar a perda dalgunhas das súas palabras. Se algunha vez a técnica xaponesa extremase os seus recursos e producise a fusión de seres electrónicos con carnais, o leve pobo de Illa Negra podería dicir que foi precursor do fenómeno. Faríao sen vaidade, tinguido na mesma longa dozura con que sorbeu o discurso do seu vate:

«Fai hoxe cen anos exactos, un pobre e espléndido poeta, o máis atroz dos desesperados, escribiu esta profecía: *A l'aurore, armés d'une ardente patience, nous*

*entrerons aux splendides villes*. “Ao amencer, armados dunha ardente paciencia, entraremos nas espléndidas cidades”.»

«Eu creo nesa profecía de Rimbaud, o vidente. Eu veño dunha escura provincia, dun país separado dos outros pola tallante xeografía. Fun o máis abandonado dos poetas e a miña poesía foi rexional, dolorosa e chuviosa. Pero tiven sempre a confianza no home. Non perdín xamais a esperanza. Por iso, cheguei ata aquí coa miña poesía e a miña bandeira. En conclusión, debo dicir aos homes de boa vontade, aos traballadores, aos poetas, que o enteiro porvir foi expresado nesta frase de Rimbaud: só cunha ardente paciencia conquistaremos a espléndida cidade que dará luz, xustiza e dignidade a todos os homes.»

«Así a poesía non tería cantado en balde.»

Estas palabras desencadearon un espontáneo aplauso no público acomodado ao redor do aparello, e un manancial de bágoas en Mario Jiménez, quen só logo de medio minuto desa ovación de pé, tragou o que tiña nas ventas, fregou os seus pómulos pluviais, e dándose volta desde a primeira fila, agradeceu sorridente a nutrida aclamación a Neruda levándose unha palma á tempa e axitándoa cal candidato a senador. A pantalla levou a imaxe do poeta, e a cambio retornou a locutora cunha noticia que o telegrafista só oíu, cando a muller dixo «repetimos»: «Un comando fascista destruíu cunha bomba as torres de alta tensión da provincia de Valparaíso. A Central Única dos Traballadores chama a todos os seus membros de todo o país a permanecer en estado de alerta» e, vinte segundos antes de ser roubado da barra por unha turista madurona, pero ben boa, segundo contaría ao amencer de volta das dunas, onde a acompañou a mirar as estrelas fugaces. («Espermatozoides fugaces», corrixiu a viúva.) Porque a pura verdade é que a festa durou ata que se acabou. Bailouse tres veces *Tiburón a la vista*, onde todos corearon «ai, ai, ai, que te come el tiburón», menos o telegrafista que, despois do noticiario, andou murcho e simbólico, ata o momento en que a turista madurona mordéndolle o lóbulo da esquerda díxolle:

–Seguro que logo da *cumbia* vén *La vela*. Oíuse e gozouse nove veces *La vela*, ata que ao continxente de veraneantes lle resultou tan familiar, que, a pesar de que era un tema celestino e *cheek to cheek*, entoárono con gargantas desaforadas e entre bico e bico con lingua. Aceitouse un popurrí de temas velliños contraídos na nenez de Domingo Guzmán, que lle levaba entre outros *Piel Canela*, *Ay, cosita rica*, *mamá*, *Me lo dijo Adela*, *A papá le gusta el mambo*, *El cha-cha-cha de los cariñosos*, *Yo no le creo a*

*Gagarín, Marcianita y Amor desesperado* nunha versión da viúva de González, que reproduciu a intensidade de Yaco Monti, o seu intérprete orixinal.

Se a noite foi longa, ninguén puido dicir que faltou viño. Mesa que Mario vía coas súas botellas a media hasta, era atendida *ipso facto* cun garrafón, «para aforrarme as viaxes á adega». Houbo un instante da xornada, en que a metade da súa poboación andaba mesturada entre as dunas, e segundo un balance da viúva as parellas non eran cento por cento as mesmas que a igrexa ou o rexistro civil santificara e certificara. Só cando Mario Jiménez tivo a certeza de que ningún dos seus invitados podería recordar nome, dirección, número de inscrición electoral e último paradiro do seu cónxuxe, decidiu que a festa era un éxito e que a promiscuidade podía seguir prosperando sen o seu alento e presenza. Cun ademán de toureiro desprende o mandil de Beatriz, rodeoulle sedoso a cintura e refregoulle o seu pito pola cadeira, como a ela lle praciá, segundo probaban eses suspiros que expulsaba tan fluidamente, cal esa seiva enlouquecedora que lle lubricaba a grila. Coa lingua mollándolle a orella e as súas mans levantándolle as nádegas, meteullo de pé na cociña sen molestarse en quitarlle a saia.

–Vannos a ver, amor –folguexou a rapariga, situándose para que o pito lle entrase ata o fondo. Mario comezou a rotar con golpes secos a cadeira e, empapando de saliva os seos da rapariga, farfallou:

–Mágoa de non ter aquí a Sony para gravarlle esta homenaxe a don Pablo. E acto seguido, promulgou un orgasmo tan estrondoso, burbullante, desaforado, bravo, bárbaro e apocalíptico, que os galos creron que amencera e empezaron a cacarexar coas cristas inflamadas, que os cans confundiron o ouveo coa sirena do nocturno ao sur e ladráronlle á lúa como seguindo un incomprendible convenio, que o compañeiro Rodríguez, ocupado en mollar a orella dunha universitaria comunista coa rouca saliva dun tango de Gardel, tivo a sensación de que unha tumba lle cortaba o aire na gorxa e que Rosa, viúva de González, tivo que intentar cubrir micrófono en man o hosanna de Mario rechouchiando unha vez máis *La vela* con cadencia operística. Axitando os brazos cal aspas de muíño, a muller alentou a Domingo Guzmán e a Pedro Alarcón a que redobrasen pratos e tambores, sacudisen maracas, soprasen trompetas, trutucas, ou na súa falta asubiasen, pero o mestre Guzmán, freando cunha mirada ao mozo Pedro, díxolle:

–Vostede tranquilo, mestre, que se a viúva está tan saltona é porque agora lle toca á súa filla.

Doce segundos logo desta profecía, cando os oídos de toda a concorrencia sobria, ebria, ou inconsciente, apuntaban cara á cociña coma se un poderoso magneto os absorbese, e mentres Alarcón e Guzmán simulaban limpase as suorentas palmas nas camisetas antes de irromper nun trémulo acompañamento, despegou o orgasmo de Beatriz cara á noite sideral cunha cadencia que inspirou ás parellas das dunas («un como ese, machiño», pediulle a turista ao telegrafista), que puxo escarlatas e fulgurantes as orellas da viúva, e que lle inspirou as seguintes palabras ao cura párroco no seu desvelo da torre: «Magnificat, staba, pange lingua, dies irae, benedictus, kirieleisón, angélica».

Ao final do último trino a noite enteira pareceu humedecerse e o silencio que seguiu tivo algo turbulento e turbador. A viúva guindou o inútil micrófono sobre o estrado e, co transfondo dalgúns pioneiros e vacilantes aplausos que viñan desde dunas e rochedos aos que logo se sumaron os entusiastas do conxunto do hostel e os cheos de estimación de turistas e pescadores ata formar unha verdadeira catarata que foi amenizada cun patriótico «Viva Chile, hostia!» do inefable compañeiro Rodríguez, foi á cociña para descubrir titilando entre as sombras os ollos en éxtases da súa filla e xenro. Sinalando co seu polgar por sobre o ombreiro, chuspiu as palabras cara á parella:

–A ovación é para os pombiños. Beatriz cubriuse a cara salgada con bágoas de felicidade sentindo que lle fervían nun súbito rubor.

–Díxencho, ouh!

Mario subiu os pantalóns e amarrounos forte coa corda.

–Veña, sogra! Esquézase da vergoña que esta noite estamos de celebración.

–Celebración de que? –ruxiu a viúva.

–Do Premio Nobel de don Pablo. Non ve que gañamos, señora!

–Gañamos?

Dona Rosa estivo a piques de pechar o puño, e propinarllo nesa lingua enredosa, ou de inmiscuir unha couce sobre eses nutridos e irresponsables ovos. Pero nun arresto de inspiración, decidiu que era máis digno recorrer ao refraneiro.

–«Imos labrando, dixo a mosca» –concluía antes de pechar a porta dun golpe.

Segundo a ficha do doutor Giorgio Solimano ata agosto de 1973 o mozo Pablo Neftalí incorrera nas seguintes enfermidades: rubéola, xarampón, varicela, bronquite, enterogastrite, amigdalite, farinxite, colite, torcedura de nocello, disloque do tabique do nariz, contusións na tibia, traumatismo encéfalo craniano, queimadura en segundo grao sobre o brazo dereito a consecuencia de querer rescatala galiña castelá dunha cazola e infección do maimiño do pé esquerdo tras pisar un ourizo tan descomunal, que cando Mario llo descravou rachándoo vingativo, alcanzou para unha cea de toda a familia co único recurso de poñerlle un toque de puré de pataca, limón e algo de pementa.

Eran tan frecuentes as carreiras a urxencias do hospital de San Antonio, que Mario Jiménez puxo os restos mortais da xa utópica pasaxe a París a disposición para a compra dunha moto, que lle permitise chegar veloz e seguro a bo porto cada vez que Pablo Neftalí se masacrara algunha parcela do seu corpo. Este vehículo procurou outra clase de alivio na familia, xa que os paros e folgas dos camioneiros, taxistas e almacenistas se fixeron cada vez máis frecuentes, e houbo noites en que faltou ata pan no hostel porque xa non se atopaba fariña. A moto foi a cómplice exploradora, con que Mario se desfixo paulatinamente da cociña para rastrear aqueles lugares onde comprar algo con que a viúva puidese alegrar a pota.

–Hai prata, hai liberdade, pero non hai que comprar –filosofaba a viúva, nas sesións de té dos turistas fronte ao televisor.

Unha noite en que Mario Jiménez repasaba a lección 2 do libro *Bonjour, Paris* estimulado polo tema de Rina Ketty e por Beatriz, que lle revelou que eses trinos que facía cando dicía o «r», eran a porta aberta para falar un francés como o dos Champs Elysées, o toque profundo dunha campá demasiado familiar distraeuno para sempre das irregularidades do verbo *être*. Beatriz viuño erguerse noctámbulo, camiñar cara á fiestra, abrila e oír en toda a súa dimensión o segundo dobre, cuxas ondas sacaron a outros veciños das súas casas.

Sonámbulo, colgou a carteira de coiro no ombreiro, e, estaba a piques de saír á rúa, cando Beatriz o freou cunha chave ao pescozo e unha frase moi González:

–Este pobo non soporta dous escándalos en menos dun ano.

O carteiro foi levado ata o espello, e, ao comprobar que a súa única indumentaria era a carteira regulamentaria que na súa actual posición apenas cubría unha nádega, díxolle á súa propia imaxe:

–*Tu es fou, petit!*

Estivo a noite enteira contemplando o percorrido da lúa, ata que esta se desvaneceu na madrugada. Eran tantos os temas pendentes co poeta, que este retorno intrigante o deixaba confuso. Estaba claro que primeiro lle preguntaría *–noblesse oblige–* pola súa embaixada en París, polos motivos do seu regreso, polas actrices de moda, polos vestidos da temporada (quizá trouxese un de agasallo para Beatriz), e logo entraría no tema de fondo: as súas obras completas escollidas, subliñaría *escollidas*, que con pulcra caligrafía enchían o álbum do deputado Labbé, acompañadas dun recorte da ilustre Municipalidade de San Antonio cunha convocatoria ao concurso de poesía, tras un primeiro premio consistente en «flor natural, edición do texto gañador na revista cultural *La Quinta Rueda* e cincuenta mil escudos en efectivo». A misión do poeta sería escravellar no caderno, escoller un dos poemas e, se non fose moita a molestia, darlle un retoquiño final para mellorarlle a cara.

Fixo garda fronte á porta, desde antes de que abrise a panadería, que se oíse de lonxe o chocallo do burro do leiteiro, que cacarexasen os galos, que se apagase a luz do único farol. Enfundado na grosa malla do seu xerse mariñeiro, mantivo a vista nas ventás consumíndose por un sinal de vida na casa. Cada media hora dicíase que a viaxe do vate talvez fose esgotador, que quizá estaría folgando nas súas colchas chilotas, e que dona Matilde xa lle levase o almorzo á cama, e non perdeu a esperanza, aínda que os dedos dos pés chegaron a doerlle de frío, de que as encapotadas pálpebras do vate xurdisen no marco e lle dedicasen ese ausente sorriso co que soñara tantos meses.

Cara ás dez da mañá, baixo un sol desapracible, dona Matilde abriu o portón cunha bolsa de rede na man. O mozo correu a saudala, golpeando xubiloso o lombo da súa carteira e logo debuxando no aire o esaxerado volume da correspondencia atrasada que contiña. A muller estreitou a súa man con calor, pero bastou un só pestanexo deses ollos expresivos, para que Mario ventase a tristeza tras a cordialidade.

–Pablo está enfermo –dixo.

Abriu a bolsa de rede, e indicoulle cun xesto que deitase a correspondencia nela. El quixo dicirlle «¿déixame que lla leve ao cuarto?», pero invadiuno a suave gravidade de Matilde, e tras obedecela afundiou os ollos no baleiro da carteira, e preguntou, case adiviñando a resposta:

–¿É grave?

Matilde asentiu e o carteiro foi con ela un par de pasos ata a panadería, adquiriu para si un quilo de pan francés, e media hora máis tarde, derramando as triscantes faragullas sobre as páxinas do álbum, tomou a decisión soberana de presentarse ao primeiro premio co seu *Retrato a lapis de Pablo Neftalí Jiménez González*.

Mario Jiménez atívoase rigorosamente ás bases do concurso. En sobre aparte do poema, consignou un tanto avergoñado a súa concisa biografía e só co ánimo de decorala puxo ao final: «recitais varios». Fíxose escribir a máquina o sobre polo telegrafista, e concluíu a cerimonia derretendo lacre sobre o envío e punzando a vermella melaza cun selo oficial de Correos de Chile.

–Por pinta non che gaña ninguén –dixo don Cosme, mentres pesaba a carta e, en calidade de mecenas, furtábase a si mesmo un par de selos.

A ansiedade púxoo nervioso, pero polo menos entretivo a tristeza que lle causaba non ver ao vate cada vez que lle levaba a correspondencia. Dúas veces puido asistir moi cedo a anacos de diálogos entre dona Matilde e o médico, sen que alcanzase a informarse sobre a saúde do poeta. Nunha terceira ocasión, tras deixar o correo quedou asexando o portón, e cando o doutor se dirixía cara ao seu auto, preguntoulle suarento e impulsivo polo estado do vate. A resposta sumiuno primeiro na perplexidade e, media hora máis tarde, no dicionario:

–Estacionario.

O día 18 de setembro de 1973, *La Quinta Rueda* publicaría con motivo do aniversario da independencia de Chile unha edición especial, en cuxas páxinas centrais e en robustas letras de titulares incluíríase o poema premiado. Unha semana antes da tensa data, Mario Jiménez soñou que *Retrato a lapis de Pablo Neftalí Jiménez González* gañaba o cetro, e que Pablo Neruda en persoa lle entregaba a flor natural e o cheque. Dese paraíso foi subtraído por uns golpes enervantes na fiestra. Maldicindo, foi ás apalpadelas cara a ela e, ao abril, distinguiu ao telegrafista escondido baixo un poncho, quen lle adiantou dunha poutada a minúscula radio que emitía unha marcha alemá coñecida como *Alte Kamaraden*. Os seus ollos pendían cal dúas tristes uvas no cincento da néboa. Sen dicir un chío nin mudar o xesto, foi facendo rodar o dial do aparello, e de cada emisora resoou a mesma música marcial, cos seus timbais, claríns, tubas e cornos licuados polos pequenos amplificadores. Logo, encolleuse de ombreiros e, gardando interminablemente, longamente e demoradamente a radio por baixo do trabaloso poncho, dixo con gravidade:

–¡Eu bórrome!

Mario restrelou a melena cos dedos e, collendo o xerse mariñeiro, saltou pola fiestra cara á moto.

–Vou buscar a correspondencia do poeta –dixo.

O telegrafista cruzóuselle decidido e apertou as súas mans sobre o guiador do vehículo.

–¿Quéreste suicidar?

Os dous alzaron o rostro cara ao ceo encapotado, e viron atravesar tres helicópteros en dirección ao porto.

–Pásame as chaves, xefe –gritou Mario, sumando ao estrondo dos helicópteros o motor da súa Vespa.

Don Cosme ofreceullas, e logo retivo o puño do mozo: .

–E despois tíraas ao mar. Así, polo menos fodemos un pouco a estes cabróns.

En San Antonio, as tropas ocuparan os edificios públicos, e en cada balcón as metralletas desprazábanse asexantes cun movemento pendular. As rúas estaban case baleiras e antes de chegar ao correo puido oír balazos cara ao norte. Ao comezo illados e logo nutridos. Na porta, un recruta fumaba curvado polo frío, e púxose alerta cando Mario chegou ao seu lado tintinando as chaves.

–¿Quen es ti? –díxolle, sacándolle o último fume ao tabaco.

–Traballo aquí.

–¿De que?

–De carteiro, ¿de que vai ser?.

–¡Volve mellor a casa!

–Primeiro teño que recoller o reparto.

–¡Chis! A xente and'ós tiros polas rúas e t'ind'aquí.

–Pois éche o meu traballo.

–Coll'as cartas e liscas, ¿oíches?

Foi ata o clasificador e rebuscou entre a correspondencia apartando cinco cartas para o vate. Despois, achegouse á máquina do télex e alzando a folla que se derramaba cal alfombra polo piso distinguiu case vinte telegramas urxentes para o poeta. Arrincouna de vez, foina enrolando sobre o brazo esquerdo e púxoas na bolsa xunto ás cartas. Os balazos recruaron agora en dirección do porto, e o mozo revisou as paredes coa militante decoración de don Cosme: o retrato de Salvador Allende podía permanecer porque mentres non se cambiasen as leis de Chile seguía sendo o presidente constitucional aínda que estivese morto, pero a confusa barba de Marx e os ollos ígneos do Che Guevara foron descolgados e afundidos na carteira. Antes de saír, emprendeu

unha variante que houbera alegrado ao seu xefe por murcho que estivese: púxose o gorro oficial de carteiro ocultando esa maraña turbulenta que agora, fronte ao rigor do corte do soldado, lle pareceu definitivamente clandestina.

–¿Todo en orde? –preguntoulle o recruta ao saír.

–Todo en orde.

–Puxeches o gorro de carteiro, ¿eh?

Mario palpou algúns segundos a dura armazón do seu feltro, coma se quixese comprobar que en efecto cubría o seu pelo, e cun xesto desdeñoso baixou a viseira sobre os ollos.

–De agora en diante hai que usar a cabeza só para cargar coa gorra.

O soldado humedeceu os beizos coa punta da lingua, puxo entre os dous dentes centrais un novo cigarro, retirouno un instante para chuspir unha dourada febra de tabaco, e estudándose as botas, díxolle a Mario sen miralo:

–¡Arría en banda, cabrito!

Nas inmediacións da casa de Neruda, un grupo de soldados levantara unha barreira, e máis atrás, un camión militar deixaba xirar sen ruído a luz da alarma. Chovía levemente; unha fría borraqueira da costa estorbaba máis do que mollaba. O carteiro tomou o atallo, e desde o cumio do pequeno outeiro, a fazula afundida no barro, fíxose un cadro da situación: a rúa do poeta bloqueada cara ao norte, e vixiada por tres recrutas preto da panadería. Quen tivese que cruzar ese tramo, era cacheado polos militares. Cada un dos papeis da billeiteira era lido con máis ansias de mitigar o tedio de vixiar unha ribeira insignificante, que con minuciosidade antisubversiva; se o transeúnte cargaba unha bolsa, cominábaselle sen violencia a mostrar un por un os produtos: o deterxente, o paquete de fideos, a lata de té, as mazás, o quilo de patacas. Logo permitíasele pasar cun aburrido aceno da man. A pesar de que todo era novo, a Mario pareceulle que a conduta dos militares tiña un sabor rutineiro. Os recrutas só se endurecían e aceleraban os seus desprazamentos, cando, cada certo tempo, viña un tenente de bigotes e ameazante vozarrón.

Estivo ata o mediodía espreitando as manobras. Logo descendeu cauteloso, e, sen tomar a Vespa, deu un enorme rodeo por detrás dos casaríos anónimos, alcanzou a praia á altura do peirao e, bordeando os cantís, avanzou ata a casa de Neruda descalzo pola area.

Nunha cova próxima ás dunas puxo a salvo a carteira tras unha roca de perigosas arestas, e coa maior prudencia que lle permitían os frecuentes e rasantes helicópteros rastrexando a beira, estendeu o rolo que contiña os telegramas, e estivo unha hora léndoos. Só entón estrullou o papel entre as palmas, e despois púxoo baixo unha pedra. A distancia ata o campanario, aínda que empinada, non era longa. Pero, detívoo unha vez máis ese tránsito de avións e helicópteros, que conseguira xa o exilio das gaviotas e os pelicanos. Pola abusiva engrenaxe da súa hélice e a fluidez con que de súpeto quedaban suspendidos sobre a casa do vate, parecéronlle feras que cheirasen algo ou un voraz ollo delator, e inhibiu o seu impulso de gabear polo outeiro expóndose tanto a esnafrarse, como a ser sorprendido pola garda do camiño. Buscou o consolo da sombra para moverse. Aínda que non escurecera, dalgún xeito a arisca pendente parecía máis protexida, sen a presenza dese sol que por momentos rachaba os nubeiros, e ata denunciaba os restos de botellas crebadas e os pulidos pelouros sobre a praia.

Xa no campanario, botou de menos unha fonte de auga onde lavarse os rabuños nas fazulas e sobre todo as mans, que deitaban dos seus sucos fianchos de sangue mesturados con suor.

Ao asomarse á terraza, viu a Matilde cos brazos cruzados sobre o peito, e a mirada enredada no rumor do mar. A muller desviou a vista, cando o carteiro lle fixo un sinal, e este, levando un dedo aos beizos, imploroulle silencio. Matilde vixiou que o treito ata a habitación do poeta non caese no campo visual do garda da rúa, e deulle o pase cun pestanexo que indicaba cara ao dormitorio.

Tivo que manter un instante a porta entreaberta para distinguir a Neruda nesa penumbra con cheiro a medicamentos, unguentos, a madeira húmida. Pisou a alfombra ata a súa cama, coa pulcritude do visitante dun templo, e impresionado pola ardua respiración do poeta, por ese aire que antes de fluír parecía ferirle a garganta.

–Don Pablo –rumoreou baixo, cal se acomodase o seu volume á tenue luz da lámpada envolvida nunha toalla azul. Agora, parecíalle que quen falara era a súa sombra. A silueta de Neruda erguese con traballo sobre o leito, e os ollos deslucidos pescudaron a penumbra.

–¿Mario?

–Si, don Pablo.

O poeta estendeu o flácido brazo pero o carteiro non notou a súa oferta nese xogo de contornos sen volumes.

–Achégate, raparigo.

Xunto ao leito, o poeta predeulle o pulso cunha presión que a Mario lle impresionou como febril, e fixo que sentase preto da cabeceira.

–Esta mañá, quixen entrar pero non puider. A casa está rodeada de soldados. Só deixaron pasar ao médico. Un sorriso sen forza abriu os beizos do poeta.

–Eu xa non necesito médico, fillo. Sería mellor que me mandasen directamente ao sepultureiro.

–Non fale así, poeta.–

Sepultureiro é unha boa profesión, Mario. Apréndese filosofía.

O raparigo puido distinguir agora unha cunca sobre o velador e cominado por un xesto de Neruda achegoulla aos beizos.

–¿Como se sente, don Pablo?

–Moribundo. Á parte diso, nada grave.

–¿Sabe o que está pasando?

–Matilde trata de ocultarmo todo, pero eu teño unha diminuta radio xaponesa debaixo da almofada. –Tragou unha bafarada de aire e, tremendo, expulsouna decontado–. Home, con esta febre síntome como peixe na tixola.

–Xa se lle vai acabar, poeta.

–Non, filliño. Non é a febre a que se vai acabar. É ela a quen vai acabar comigo.

Coa punta da saba, o carteiro limpoulle a suor que lle caía desde a fronte ata as pálpebras.

–¿É grave o que ten, don Pablo?

Xa que estamos en Shakespeare, contestareiche como Mercurio cando o ensarta a espada de Tibaldo: «A ferida non é tan fonda como un pozo, nin tan ancha como a porta dunha igrexa, pero abonda. Pregunta por min mañá e verás que teso estou».

–Por favor, déitese.

–Axúdame a achegarme á fiestra.

–Non podo. Dona Matilde deixoume entrar, porque...

–Son o teu celestino, o teu cabrón e o padriño do teu fillo. Por estes títulos gañados coa suor da miña pluma, esíxoche que me leves ata a fiestra.

Mario quixo controlar o impulso do poeta apertándolle os pulsos. A vea do seu pescozo saltaba como un animal.

–Hai unha brisa fría, don Pablo.

–¡A brisa fría é relativa! Se vises que vento xélido me sopra nos ósos. O puñal definitivo é prístino e agudo, raparigo. Lévame ata a fiestra.

–Aguántese aí, poeta.

–¿Que me queres ocultar? ¿Seica non estará alí abaixo o mar cando abra a fiestra? ¿Tamén o levaron? ¿Tamén mo meteron nunha gaiola?

Mario adiviñou que a rouquén lle tomaría a voz, xunto con esa humidade que empezaba a brotarlle na pupila. Acariñou lento a súa propia fazula e logo meteu os dedos na boca como un neno.

–O mar está alí, don Pablo.

–Entón, ¿que che pasa? –xemeu Neruda, cos ollos suplicantes–.Lévame ata a fiestra.

Mario afundiou os seus dedos baixo os brazos do vate, e foino alzando ata que o tivo de pé ao seu lado. Temendo que se desvanecese, apertouno con tal forza, que puido percibir na súa propia pel a ruta do calafrío que sacudiu ao enfermo. Como un só home

vacilante avanzaron ata a fiestra, e, aínda que o mozo correu a espesa cortina azul, non quixo mirar o que xa podía ver nos ollos do poeta. A luz vermella da alarma zorregou o seu pómulo intermitentemente.

–Unha ambulancia –riu o vate coa boca repleta de bágoas–. ¿Porqué non un cadaleito?

–Vano levar a un hospital de Santiago. Dona Matilde está preparando as súas cousas.

–En Santiago non hai mar. Só xastres e cirurxiáns.

O poeta deixou caer a cabeza contra o vidro, que se embazou co seu alento.

–Vostede está ardendo, don Pablo.

Subitamente, o poeta alzou a vista cara ao teito, e pareceu observar algo que se desprendía entre as vigas cos nomes dos seus amigos mortos. O carteiro foi alertado por un novo calafrío, que a temperatura lle aumentaba. Ía anunciarllo a Matilde cun berro, cando o disuadiu a presenza dun soldado que viña entregarlle un papel ao chofer da ambulancia. Neruda empeñouse en camiñar cara a outra ventá coma se lle sobreviñese unha asma; ao prestarlle apoio, soubo agora que a única forza dese corpo residía na cabeza. O sorriso e a voz do vate foron débiles, cando lle falou, sen miralo.

–Dime unha boa metáfora para morrer tranquilo, raparigo.

–Non se me ocorre ningunha metáfora, poeta, pero óíame ben o que teño que dicirlle.

–Escóitoché, fillo.

–Pois ben; hoxe chegaron máis de vinte telegramas para vostede. Quixen traerllos, pero como a casa estaba rodeada tiven que dar volta. Vostede perdoarame o que fixen, pero non había outro remedio.

–¿Que fixeches?

–Linlle todos os telegramas, e aprendínos de memoria para poder dicirlos.

–¿De onde veñen?

–De moitas partes. ¿Comezo co de Suecia?

–Adiante.

Mario fixo unha pausa para tragar saliva, e Neruda desprendeuse un segundo, e buscou apoio no pecho da ventá. Contra os vidros turbios de sal e po, sopraba un refacho que os facía vibrar. Mario mantivo a vista sobre unha flor derramada contra o

canto dun floreiro de greda, e reproduciu o primeiro texto, coidando de non confundir as palabras dos diversos cables.

–«Dor e indignación asasinato presidente Allende. Goberno e pobo ofrecen asilo poeta Pablo Neruda, Suecia.»

–Outro –dixo o vate sentindo que subían sombras aos seus ollos e que, como cataratas ou galopes de pantasma, buscaban trincar os cristais para ir reunirse con certos corpos borrosos, que se vían levantándose desde a area.

–«México pon disposición poeta Neruda e familia avión pronto traslado aquí» – recitou Mario, xa coa seguridade de que non era oído.

A man de Neruda tremía sobre o peito da fiestra, quizá querendo abrila, pero, ao mesmo tempo, como se palpase entre os seus dedos crispados a mesma materia espesa que lle roldaba polas veas e lle enchía a boca de saliva. Creu ver que, desde a ondada metálica que esnaquizaba o reflexo das hélices dos helicópteros e expandía os peixes arxénteos nunha poeira escintilante, se construía con auga unha casa de choiva, unha húmida madeira intanxible que era toda ela pel pero ao mesmo tempo intimidade. Un secreto rumoroso revelábaselle agora no trepidante ampear do seu sangue, esa negra auga que era xerminación, que era a escura artesanía das raíces, a súa secreta ourivaría de noites frutuosas, a convición definitiva dun magma ao que todo pertencía, aquilo que todas as palabras buscaban, axexaban, roldaban sen nomear, ou nomeaban calando (o único certo é que respiramos e deixamos de respirar, dixera o novo poeta do sur despedíndose da súa man con que sinalara un cesto de mazás baixo o velador fúnebre): a súa casa fronte ao mar e a casa de auga que agora levitaba tras eses vidros que tamén eran auga, os seus ollos que tamén eran a casa das cousas, os seus beizos que eran a casa das palabras e xa se deixaban mollar felizmente por esa mesma auga que un día rachara o cadaleito do seu pai tras atravesar leitos, balaustradas e outros mortos, para acender a vida e a morte do poeta como un segredo que agora se lle revelaba e que, con ese azar que ten a beleza e a nada, baixo unha lava de mortos con ollos vendados e os pulsos sangüentos púñalle un poema nos beizos, que el xa non soubo se dixo, pero que Mario si oíu cando o poeta abriu a fiestra e o vento desguarneceu as penumbras:

«Eu volvo ao mar envolvido polo ceo,  
o silencio entre unha e outra onda  
establece un suspenso perigoso:

morre a vida, aquíétase o sangue  
ata que rompe o novo movemento  
e resoa a voz do infinito.»

Mario abrazouno desde atrás, e levantando as mans para cubrirille as súas pupilas  
alucinadas, díxolle:

–Non morra, poeta.

A ambulancia levou a Pablo Neruda cara a Santiago. Na ruta, tivo que sortear barreiras da policía e controis militares.

O día 23 de setembro de 1973, morreu na clínica Santa María.

Mentres agonizaba, a súa casa da capital nunha aba do cerro San Cristóbal foi saqueada, os vidros foron esnaquizados, as billas foron abertas e a auga produciu unha inundación.

Velárono entre os cascallos. A noite de primavera estaba fría, e os que gardaban o féretro, beberon sucesivas cuncas de café ata o amencer. Cara ás tres da mañá, sumouse á cerimonia unha rapariga de negro, que burlara o toque de queda arrastrándose polo cerro. Ao día seguinte, houbo un sol discreto. Desde o San Cristóbal ata o cemiterio, foi crecendo o cortexo, ata que, ao pasar fronte ás floristas do Mapocho, unha consigna celebrou ao poeta morto e outra ao presidente Allende. As tropas coas súas baionetas caladas bordearon a marcha alertas.

Nas inmediacións da tumba, os asistentes corearon *A Internacional*.

Mario Jiménez soubo da morte do poeta no televisor do hostel. A noticia foi emitida por un locutor petulante o cal falou da desaparición de «unha gloria nacional e internacional». Seguía unha breve biografía ata o momento do seu Premio Nobel, e concluía coa lectura dun comunicado, mediante o cal a Xunta Militar expresaba a súa consternación pola morte do vate.

Rosa, Beatriz, e ata o mesmo Pablo Neftalí, contaxiados polo silencio de Mario, deixárono en paz. Laváronse os pratos da cea, saudouse sen énfase ao último turista que tomaría o nocturno cara a Santiago, afundiuse interminablemente a bolsa de té na auga fervida e raspouse coas uñas mínimos restos de comida adheridos no hule das mesas.

Durante a noite, o carteiro non puido durmir e as horas transcorreron coa vista no teito, sen que un só pensamento as distraese. Cara ás cinco da madrugada, oíu frear autos ante a porta. Ao asomarse á fiestra, un home de bigotes fíxolle un xesto indicándolle que saíse. Mario púxose o seu xerse mariñeiro e foi cara ao portón. Xunto ao home de bigotes, semicalvo, había outro moi novo de pelo curto, impermeable, e un nó de gravata ben cumprido.

–Vostede é Mario Jiménez? –preguntou o home de bigotes.

–Si, señor.

–¿Mario Jiménez, de profesión carteiro?

–Carteiro, señor.

O mozo do impermeable extraeu unha tarxeta gris do peto, e revisouna dunha ollada.

–¿Nacido o sete de febreiro de 1952?

–Si, señor.

O mozo mirou ao home maior, e foi este quen lle falou a Mario:

–Ben. Ten que acompañarnos.

O carteiro limpou as palmas das mans sobre as coxas.

–¿Por que, señor?

–É para facerlle unhas preguntas –dixo o home de bigotes pódose un cigarro nos beizos e palpándose logo os petos, coma se buscara fósforos. Viu vir a mirada de Mario aos seus ollos–. Unha dilixencia de rutina acoutou entón, pedíndolle lume cun xesto ao seu acompañante. Éste negou coa cabeza.

–Non ten nada que temer –díxolle logo o do impermeable.

–Despois, pode volver a casa –dixo o home de bigotes, mostrándolle o cigarro a alguén que asomaba a cabeza pola fiestra dun dos dous autos sen placa de matrícula, que agardaban na rúa co motor en marcha.

–Trátase dunha dilixencia de rutina –agregou o mozo do impermeable.

–Contesta un par de preguntas e despois volve a casa –dixo o home de bigotes, afastándose cara ao home do auto que agora mostraba un chisqueiro dourado pola xanela. O home dos bigotes agachouse, e entón o deputado Labbé cun preciso golpe produciu unha forte chama do chisqueiro. Mario viu que o home dos bigotes se erguía avivando a brasa do cigarro cunha fonda aspiración, e que lle facía un xesto ao mozo do impermeable, para que avansasen ata o outro auto. O mozo do impermeable non tocou a Mario. Só se limitou a indicarlle a dirección do Fiat negro. O auto do deputado Labbé foise lentamente, e Mario avanzou co seu acompañante ata o outro vehículo. No volante había un home con lentes escuros oíndo noticias. Ao entraren no coche, alcanzou a oír cando o locutor anunciaba que as tropas ocuparan a editorial Quimantú, e procederan a secuestrar a edición de varias revistas subversivas, talles como *Nosotros los chilenos*, *Paloma* e *La Quinta Rueda*.

## EPÍLOGO

Anos despois decateime pola revista *Hoy*, que un redactor literario de *La Quinta Rueda* volvera a Chile tras o seu exilio en México. Tratábase dun vello compañeiro do liceo, e chameino por teléfono para concertar unha cita. Falamos algo de política e sobre todo acerca das posibilidades de que Chile algún día se democratizase. Cansoume algúns minutos máis coa experiencia do seu exilio, e, tras pedir o terceiro café, pregunteille, se por casualidade recordaba o nome do autor do poema premiado, que debería publicar *La Quinta Rueda* o 18 de setembro do ano do golpe.

–Por suposto –díxome–. Tratábase dun poema excelente de Jorge Teillier.

Eu tomo o café sen azucre, pero teño a teima de revolvelo coa culleriña.

–¿Non recordas –díxenlle– un texto que se cadra aínda che soa por seu título algo curioso: *Retrato a lapis de Pablo Nefalí Jiménez González?*

O meu amigo levantou o azucreiro e retívoo un instante facendo memoria. Logo negou coa cabeza. Non o recordaba. Achegou o azucreiro ao meu café, pero eu cubrino rapidamente coa man.

–Non, graciñas –díxenlle–. Tómoo amargo.